CEIP. VIRXE DO ROCÍO

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2018/2019

Experiencia a conCIENCIA



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.
# CEIP. VIRXE DO ROCÍO


| | PÁXINA |
|---|---|
| INTRODUCCIÓN | 4 |
| **Decreto 374/1996,** *do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.* | |
| 1. Obxectivos específicos para o curso académico | 6 |
| 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución | 13 |
| 3. Recursos previstos para o efecto | 13 |
| **Orde de 22 de xullo de 1997** *pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.* | |
| 4. Concreción anual do PEC | 20 |
| 5. Modificación do PEC | 26 |
| 6. **Estratexias metodolóxicas** e organizativas de atención ao alumnado con NEE | 27 |
| 7. Cadro de organización pedagóxica | 34 |
| 8. Plan de actuación dos órganos colexiados | 42 |
| 9. Plan de actuación do equipo directivo | 42 |
| 10. **Xornada** escolar e horarios do centro | 44 |
| 11. **Quendas** de vixilancia dos recreos | 46 |
| 12. Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente. | 47 |
| 13. Participación do profesorado do centro en **programas de innovación** educativa | 57 |
| 14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro | 59 |
| 15. Programación anual de **actividades complementarias** e extraescolares | 61 |
| 16. Plan de autoprotección / modificacións/ a observación de que segue vixente | 65 |
| 17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente | 66 |
| 18. **Horario** de atención ao público | 66 |
| 19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia | 67 |
| 20. Plan de **transporte** escolar | 69 |

| | |
|---|---|
| 21. Regulamento da organización do **comedor** | 72 |
| 22. Plan de utilización da/s **instalacións** do centro | 75 |
| 23. Plan de actividades propostas pola **ANPA** | 75 |
| 24. Plan xeral de **avaliación** do centro<br>• Criterios de cualificación<br>• Criterios de promoción<br>• Guía de intervención para a mellora | 79<br>80<br>85<br>89 |
| **Outros aspectos que se inclúen:** | |
| **Decreto 105/2014**, *do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* | |
| 25. Programas e plans anuais de lectura *(tendo como referente o proxecto lector do centro, terase en conta as **Instrucción do 1 de setembro de 2015** da Dirección Xeral de Centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso **2015/2016**).* | 90 |
| 26. Plan de integración das TIC | 96 |
| **Decreto 79/2010** | |
| 27. Adenda do proxecto lingüístico (art. 14.4) | 113 |
| 28. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega. | 117 |
| **Decreto 229/2011** | |
| 29. Proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade | 118 |
| **Ordes do 12 de maio de 2011 (centros plurilingües/auxiliares de conversa)**<br>• *Establecer os mecanismos de seguimento e avaliación do programa*<br>• *Establecer os mecanismos de seguimento e avaliación* | Non procede |
| **Resolución do 17 de xuño de 2015 (plan proxecta).** | |
| 30. Integración na PXA do proxecto coas actividades levadas a cabo dentro dos programas do plan. | 129 |
| 31. PLAN PROXECTA | 129 |
| **Outros aspectos de interese** | |
| 32. Solicitude dos días non lectivos. | 133 |
| 33. Aprobación da presente PXA | 133 |

# INTRODUCCIÓN

De acordo coa normativa vixente remitimos a seguinte PROGRAMACIÓN XERAL para este curso 2018/2019, coa aprobación do Consello Escolar do colexio.

| C.E.I.P. "VIRXE DO ROCÍO". | |
|---|---|
| R/ Rocío, nº 70. | |
| 36208 Vigo. | |
| Código: 36010009 | |
| PROVINCIA | PONTEVEDRA (36) |
| CONCELLO | VIGO (36057) |
| TELÉFONO | 886 120 860<br>886 120 862 |
| TELÉFONO MÓBIL | 658 715 569 |
| E-CORREO | ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es |
| Web da escola | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/ |
| INSTITUTO AO QUE ESTÁ ADSCRITO | IES. ALEXANDRE BÓVEDA. |

Somos un centro multicultural, integrador e aberto. Achegado as nosas tradicións e a nosa lingua, que ao tempo aposta polas novas tecnoloxías integrándoas no quefacer diario.

Na escola temos activa a páxina web e os varios blogues, un de biblioteca e varios de aula, nos que se reflicte unha pequena parte do noso traballo. A integración das tics na escola é fundamental.

Dende hai dous cursos, a Aprendizaxe Cooperativa integrouse nas aulas do Rocío, chegando a converterse nun recurso imprescindible para as mestras e mestres. A finais do curso 2015/2016 decidimos participar nun proxecto de formación en centros para a implantación da Aprendizaxe Cooperativa nas aulas, porque nos parecía un instrumento ideal para lograr a inclusión e a cohesión social, e permitíanos o desenvolvemento de estratexias de atención á diversidade na aula, facilitando o desenvolvemento das competencias básicas no alumnado. O profesorado pensa que os

contidos traballados con esta metodoloxía afianzanse máis.

Podemos decir que nas aulas do Rocío, o traballo cooperativo forma parte das dinámicas das aulas o que permite acadar unha aprendizaxe eficaz, respectando as individualidades e os distintos ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe. O traballo desenvólvese en grupos pequenos de alumn@s heteroxéneos para lograr obxectivos comúns de aprendizaxe. Deste xeito lograremos que os nosos alumnos sexan persoas capaces de cooperar e de establecer boas relacións humanas.

O debuxante vigués, Jacobo Fernández Serrano, concedeunos a honra de debuxar para nós os distintos roles da aprendizaxe cooperativa con personaxes das súas bandas deseñadas:

- ✓ PORTAVOZ
- ✓ SECRETARIO
- ✓ AXUDANTE
- ✓ COORDINADOR

Traballamos en valores, conscientes de que o noso labor é a formación integral dos nosos alumnos.

Colaboramos e interactuamos coas familias, a contorna e as institucións da nosa cidade, cos ollos postos no horizonte do noso planeta.

Loitamos pola igualdade, especialmente a de xénero, tentamos fomentar no alumnado espírito crítico, animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

**O noso obxectivo é que os alumnos deixen a escola cunha boa formación e con criterio propio sobre o mundo que coñecen.**

***Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.***

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

**A NIVEL PEDAGÓXICO:**

Neste PLAN XERAL, pretendemos ser realistas, e propoñémonos partindo da nosa experiencia que queremos mellorar a dinámica de traballo da nosa escola en todos os aspectos que sexa posible, aproveitando agora que temos novas instalacións e un cadro de persoal cunha alta porcentaxe de mestres con destino definitivo.

O proxecto que presentamos para o presente curso escolar, é

**"Experiencia a conCIENCIA"**

Este proxecto foi elexido pola maioría do profesorado a finais do curso pasado e desenvolverase durante todo o curso escolar. Este proxecto interdisciplinar está programado verticalmente para ser levado a cabo por todo o alumnado da nosa escola.

O desenvolvemento das actividades, levaranse a cabo, a través das aulas de titoría, apoiadas dende as aulas de educación musical, educación plástica, a aula de tecnoloxías da información e da comunicación e a biblioteca do centro. Pero o proxecto pretende ir máis aló, pretendemos que invada a vida diaria do

centro con actividades que permitan ao alumnado descubrir o mundo no que se desenvolve.

No pasado curso escolar, estivemos a traballar "DA EIRA Á CAPOEIRA", una temática que nos permitiu favorecer o coñecemento e o contacto directo co mundo rural galego: a terra, os animais da granxa, as construcións, a horta, a gastronomía e a cultural. Tamén permitiu ampliar o vocabulario galego relacionado co mundo do rural e coñecer e experimentar a vida das plantas da horta. Fomentouse o coñecemento e o respecto as tradicións culturais: cantos e danzas, xogos populares, lendas, refráns, labores de calceta e gancho, receitas tradicionais ...dun xeito lúdico e divertido.. Xuntos descubrimos moitas cousas.

No presente curso escolar traballaranse e reforzaranse todos estes contidos fomentando o traballo en equipo e a participación da Comunidade Educativa nun proxecto común.

**Experiencia a conCIENCIA**, servirá de desculpa para o traballo de investigación, lecturas e desenvolvemento do noso alumnado adentrándoos no mundo da experimentación e a ciencia.

Dende as aulas faise unha motivación especial. Picolindo contacta con todo o alumnado a través do seu blogue pero ademais, quere que todos aprendamos cos seus descubrimentos porén, envíanos probas. Neste xogo PICOLINDO nos convida a todos a conseguir Pikeuros, simplemente con participar nos xogos que presenta polos corredores a carón da biblioteca e con facer COMENTARIOS coa resposta e engadir información (datos, vídeos, imaxes, o webs de interese...) no seu blogue.

Ao longo de todo o curso estaremos a traballar co Sementando Palabras, os Enigmas do Espantallo (un dos xogos propostos por Picolindo, mascota da biblioteca), a través das novas tecnoloxías e a aprendizaxe cooperativa.

**A horta escolar mailo laboratorio das artes e das ciencias** Terán que ver coa parte práctica do proxecto que se desenvolverá posto que nos permite facer un traballo de campo.

O desenvolvemento deste proxecto verase plasmado nun calendario anual, nunha revista escolar e terá o seu momento especial cando polo mes de abril, e coincidindo co mes dos libros, os nosos alumnos e alumnas se convertan en "EXPERTOS" na "Experiencia a conCIENCIA", no que se exporán ante o resto dos seus compañeiros de escola as aprendizaxes conqueridas ao longo deste

proxecto. Esta será a **IX Edición de Expertos**, polo que esta actividade se está a converter nunha tarefa de obrigado cumprimento polo éxito da mesma en todos os sectores da nosa Comunidade Educativa e ao gran reto que supón falar en público para os rapaces e vencer ó medo escénico.
Estas conferencias permiten ao noso alumnado expresarse e falar en público co apoio do material dixital e plástico elaborado nas aulas. Estas conferencias son gravadas en vídeo co permiso das familias e son compartidas con toda a comunidade educativa a través do blogue da biblioteca "O BLOGUE DE PICOLINDO".
E algo moi importante, tentaremos que dende o primeiro día as familias se impliquen e colaboren coa preparación destes "xogos" da escola do Rocío.

Ademais, continuaremos a facer a actividade da PALABRA DO DÍA, coa que facilitaremos o acceso ao vocabulario temático aprendendo cada día unha palabra nova sobre a ciencia. Esta actividade non so será dirixida ao alumnado senón tamén ao profesorado. Todos os días, ao comezar á mañá, o coordinador de normalización lingüística será o encargado de escribir a palabra xunto coa súa definición. Os mestres deben compartir esa palabra cos seus alumnos na aula. Ao finalizar o curso, teremos o noso dicionario temático das ciencias. Este pequeno dicionario estará presente na web do noso cole, cun recuncho especial dedicado a el no que todos poden ver e descargar as palabras dende o mes de outubro ata o de maio.
Isto que acabamos de relatar ten que ver coa nosa faceta pedagóxica pero nunha escola non so se traballa os proxectos e os contidos propios de cada nivel educativo.

**NO ÁMBITO ADMINISTRATIVO**, día a dia a administración fai que teñamos que facer moitos trámites burocráticos e, a atención das familias, lévanos cada vez máis tempo o que dificulta ter ao día o estado das nosas instalacións. E aí está un dos nosos problemas que a pesares de ser un centro de nova construción, todos son atrancos e problemas para uns mestres que o que queren e dar clase. Dende este equipo directivo, tense solicitado polas vías administrativas correspondentes a dotación de persoal administrativo na escola xa sexa a tempo total ou parcial, para poder soportar a gran carga administrativa.

**NO ÁMBITO DA COMUNIDADE EDUCATIVA,** os pais/nais, deben implicarse en este e noutros aspectos que favorezan e incrementen a calidade educativa dos seus fill@s.

Os mestres/mestras, alumnos e alumnas, en definitiva, toda a comunidade educativa debemos colaborar no cumprimento das normas para unha convivencia adecuada e que os responsables das administracións educativas terán previsión de todas e cada unha das actuacións que se deben levar a cabo na nosa escola.

Este é o noso principal obxectivo, pero non nos podemos esquecer doutras cousas tamén importantes, polo que continuaremos traballando arreo para conseguir:

**MELLORAR O ASPECTO EXTERIOR E INTERIOR DA NOSA ESCOLA CREANDO UN CLIMA AGRADABLE E ACOLLEDOR.**

- ÁMBITO DO PROFESORADO.

  - Fomentar nos alumnos e alumnas a preocupación por mellorar o contorno: coidando as plantas, as árbores e respectando as instalacións e o material do Colexio.
  - Practicaremos a clasificación dos residuos e aprenderémoslles a reciclar.
  - Funcionamento de equipos de traballo: biblioteca e Tic que integrarán ao equipo interdisciplinario, EDLG e actividades extraescolares.
  - Racionalizar e aproveitar o uso dos recursos didácticos do centro: Material didáctico, material bibliográfico, medios audiovisuais, recursos informáticos,...
  - Potenciar a aprendizaxe das linguas.
  - Deseño e posta en marcha dun plan de apoio, á parte do especializado, para alumnos e aulas que presenten maiores necesidades.
  - Organizar o equipo de actividades complementarias e extraescolares con representantes de cada nivel.

- Desenvolver estratexias de motivación do alumnado cara o estudio e o esforzo que repercutan nun aumento dos niveis curriculares, en definitiva, educar en valores, inculcando fundamentalmente os principios de responsabilidade, esforzo e honestidade.
- Atender ás técnicas instrumentais.
- Realizar as entradas e saídas no centro ordenadamente.
- Potenciar o servizo de Comedor Escolar e mellorar no posible o seu funcionamento.
- Levar a cabo o Proxecto Lector.
- Incrementar a utilización da Biblioteca Xeral por parte d@s alumn@s e as familias, polas tardes.
- Promover e realizar actividades de animación á lectura.
- Desenvolver hábitos positivos cara a lectura e aumentar a competencia lectora dos nosos alumnos.
- Levar a cabo o Plan Tic.
- Utilizar as TIC'S como ferramentas facilitadoras da aprendizaxe en tódalas áreas do currículo e como instrumento de difusión da liña educativa e actividades do centro.
- Potenciar a participación dos pais e nais nas actividades do Centro.
- Seguir potenciando a colaboración do centro coas distintas institucións locais e provinciais.

- ÁMBITO DA FAMILIA.

- Buscar a participación dos pais nas tarefas educativas a través da utilización da axenda escolar e das notas informativas. Algúns mestres tamén utilizarán un e-correo creado ao efecto, o TokApp e o blogue de Tarefas.

- Buscar a implicación das familias nas necesidades académicas dos seus fillos. Os pais teñen a obriga de traer aos seus fillos á escola tódolos días, co material necesario para realizar as súas tarefas académicas.

- Facer ás familias do alumnado conscientes da importancia das probas de nivel establecidas na nova lei, polo que buscamos a colaboración de todas elas na realización por parte do alumnado de tarefas extraescolares que complementen a súa formación, e lles leve á conseguir unhas rutinas de traballo e esforzo. Estas tarefas sempre serán proporcionais e acordes á idade do alumnado. Neste senso buscarase a coordinación do profesorado para non "cargar "excesivamente ás familias de xeito que a súa participación activa na aprendizaxe dos seus fillos sexa o máis adecuada posible.
- Levar a cabo actuacións e charlas informativas sobre temas de interese para as familias. Este curso gustaríanos facer fincapé na alimentación, o Acoso escolar, o acceso ás novas tecnoloxías e a prevención da drogadicción, entre outras.

- Mellorar as vías de información do Centro coa consolidación do sistema de comunicación TOKAPP, e favorecer deste xeito un contacto inmediato coa maioría das familias.

Centro --- Familias --- Centro.

- Controlar a puntualidade da hora de entrada e nas saídas do centro.
- Continuar a boa relación cos membros da ANPA. Xuntos acadaremos unha escola de calidade.

- ÁMBITO DA CONVIVENCIA.

- Tomar medidas para mellorar a convivencia entre os alumn@s e entre os mestres.
- Dar publicidade ao NOF (NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO), en tódolos sectores educativos. Os alumnos deben coñecer os deus dereitos e as súas obrigas, os pais e os mestres tamén. Neste ámbito é moi importante o coñecemento da función da AULA DE CONVIVENCIA.
- Fomentar os hábitos de traballo e respecto entre eles e cara os demáis.

- Traballar no respecto entre o alumnado independentemente da súa nacionalidade, raza ou relixión.
- Coidado do contorno escolar: limpeza do centro, recollida de papel, tapóns e pilas para súa reciclaxe.
- Educar en valores de xeito transversal e mediante outras actividades de carácter puntual que se poidan levar a cabo. Esta educación en valores faise a diário, xa que sempre xorden ocasións para abordar algún que outro tema.
- Educar contra todo tipo de dependencias: tabaco, alcohol, drogas, xogo...
- Dar resposta ás necesidades de integración e compensación escolar que xorden ao longo do curso.
- Establecer un plan de mellora das normas de educación e cortesía.
- Colaborar cos colectivos e organizacións do barrio, participando nas actividades que estes organicen.
- Participar na CAMPAÑA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN VIARIA organizada pola Policía Local de Vigo.
- Participar nos programas educativos que axuden aos nosos alumnos/as a desenvolverse como persoas.

- ÁMBITO DO ALUMNADO.

- Desenvolver condutas de respecto cara os seus compañeiros e compañeiras, valorándoos e aceptándoos tal e como son, evitando todo tipo de condutas agresivas, tanto verbais como físicas e de rexeitamento.
- Tentar que o alumnado adquira hábitos intelectuais e de técnicas de traballo. Estas estratexias de traballo serán conseguidas no traballo diario na aula e complementaranse coas tarefas extraescolares que lles proporcionarán responsabilidade e hábito de traballo. Estas tarefas serán proporcionais a idade do alumnado.
- Dirixirse con respecto e educación a tódolos mestres do centro.

**EN DEFINITIVA, TRATAREMOS DE ABRIR A ESCOLA Á COMUNIDADE,** mellorando na medida do posible o nivel de convivencia e colaboración entre os

membros dos distintos sectores da comunidade educativa e buscaremos unha maior colaboración e implicación dos pais no proceso educativo dos seus fillos e fillas. Na escola o máis importante son os nenos e nenas. Por e para eles se traballa arreo día a día.

## 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución

Somos unha escola en movemento, non estamos parados, participamos en moitos proxectos promovidos pola Consellería, e outros Organismos Públicos, e buscamos a implicación das familias en todo o relacionado coa vida escolar. Estou convencida que familia e mestres debemos camiñar pola mesma senda do coñecemento e da aprendizaxe.

Quizais pequemos de non darlle publicidade suficiente ao noso traballo. Estamos moi orgullosos do noso, e as veces, por mor da cantidade de papeis, da ben chamada burocracia, deixamos que o traballo quede dentro dos muros da nosa escola e non se extrapolen cara outros lares. É unha proposta de futuro a difusión do noso traballo, un traballo por proxectos, interdisciplinario que fai que a aprendizaxe sexa cada día máis divertida e efectiva.

## 3. Recursos previstos para o efecto

RECURSOS PERSOAIS: O ALUMNADO, PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DO CENTRO.

Unha das características do noso centro é a DIVERSIDADE en canto á procedencia social do noso alumnado. Nos últimos anos, o alumnado inmigrante, pasou a ser case inexistente. Na actualidade so un 4% do alumnado é de procedencia extranxeira. De tódolos xeitos, temos un PLAN DE ACOLLIDA e seguimento do alumnado.

Temos que destacar, por último, que temos matriculados no centro un número significativo de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, e un número considerable de alumnos e alumnas cun desfase curricular grave debido ao entorno sociocultural no que viven.

## O ALUMNADO

O CEIP.Virxe do Rocío é unha escola que nos últimos dez anos pasou de ser unha escola de 90 alumnos a unha escola na que a ratio está chegando aos seus límites na maioría dos cursos.

Para facer unha gráfica da evolución da matrícula, podemos suliñar que na nosa escola tiñamos escolarizados no curso 2007/2008 , 101 alumnos dende os tres ata os 12 anos.:

| CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **EI3** | 13 | 1EP | 12 | 4EP | **13** |
| **EI4** | 8 | 2EP | 8 | 5EP | **16** |
| **EI5** | **14** | **3EP** | **6** | **6EP** | **11** |

No curso 2011/2012, tiña un total de 143 alumnos e alumnas dende os tres ata os 12 anos,

| CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **EI3** | 20 | 1EP | 18 | 4EP | **17** |
| **EI4** | 16 | 2EP | 18 | 5EP | **11** |
| **EI5** | **18** | **3EP** | **15** | **6EP** | **10** |

Na actualidade o número de alumnos é de 201, o cal indica un gran incremento na porcentaxe de incremento na matrícula. Esperamos que este repunte sexa aínda maior nos vindeiros cursos.

| CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS | CURSO | ALUMNOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **EI3** | 25 | **1EP** | 26 | 4EP | **22** |
| **EI4** | 20 | **2EP** | 25 | 5EP | **22** |
| **EI5** | **23** | **3EP** | **22** | **6EP** | **16** |

**EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA NOS ÚLTIMOS DEZ CURSOS ESCOLARES.**




## PERSOAL DOCENTE.

O CEIP. Virxe do Rocío ten no presente curso escolar 2018/2019 os seguintes postos de traballo:

| | *EI* | *EP* | *FI* | *FF* | *EM* | *EF* | *PT* | *ALC* | *OC* | *Total* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Catálogo do centro* | *4* | *5* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *0* | *1* | *15* |
| *Cubertos no presente curso* | *4* | *5* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *14* |
| *Cubertos con destino definitivo* | *3* | *5* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *0* | *0* | *13* |

## PERSOAL NON DOCENTE

- 1 Porteiro vixilante eventual contratado polo Concello de Vigo.
- 3 limpadoras contratadas polo servizo de Limpeza do Concello de Vigo.

## DOTACIÓN DE RECURSOS.

A dotación de recursos do noso centro pódese considerar boa, agás ao que se refire a dotación de medios informáticos. Concretamente levamos tres anos esperando unha dotación solicitada e aprobada nos distintos estamentos nos que se lle atribúe a función. A pesares de que se está a facer unha importante labor na introdución das Tics, dende a administración non se nos dota de material que permita a evolución do noso alumnado acorde a un ensino do século XXI.

Actualmente dispomos dunha aula con 18 equipos conectados á Internet, un encerado dixital e un proxector. Hai uns cinco anos, dispuñamos de 25 equipos totalmente actualizados.

O mantemento corre a cargo do equipo Tic, co seu Dinamizador á cabeza, que se esforza porque os equipos estean dispoñibles e introduce os programas necesarios. Nos últimos tempos, isto é practicamente imposible, pois o sistema operativo co que contan impide que poidamos traballar con moitos programas.

Somos un dos centros da rede Abalar. Unha estupenda iniciativa que sae adiante de xeito estupendo coa utilización dos libros dixitais e a gran voluntariedade do profesorado que ten que artellar xeitos para acadar un traballo eficaz. Este curso comezou con atrancos, varios equipos están a dar problemas constantes e non foron renovados dende hai anos nin completados para a matrícula existente.

Tamén é moi importante o funcionamento da nosa Biblioteca escolar. Somos un centro que entrou no PLAMBE II, isto supón uns ingresos extraordinarios para aumentar os fondos. Con orgullo, pódese dicir que a nosa

biblioteca é a DINAMIZADORA DA VIDA DA ESCOLA. Permanece aberta tódolos dias de 11:30 a 12:00h, e de 16:00 a 18:00h. e os martes son as familias as encargadas da  instalación no horario vespertino. Este espazo, tamén se atopa minguado de utilización por mor dos equipos informáticos. É mester renovar os equipos dos usuarios.

Destacaríamos tamén o Comedor, que foi dotado ao longo destes catro anos de mobiliario, fundamentalmente mesas e cadeiras dado o incremento de usuarios.

No referente á dotación das aulas, nótase a escaseza de mobiliario. Dispomos de andeis xa vellos que deben ser renovados. En algunha dependencia incluso carecese deles. A destacar que no último curso dotaronse dúas aulas de mesas e cadeiras novas, equipos informáticos nas aulas de infantil e en dúas de primaria, mercouse unha tablet para o uso da aula de pedagoxía terapeútica e creouse un recuncho colaborativo composto por seis tabletas

## RECURSOS TEMPORAIS, OS HORARIOS.

O horario de centro é de xornada continuada de 9 a 14h para o alumnado.

O horario para o profesorado é de 9 a 14:00 h.. A exclusiva faise os mércores e xoves de 14:00 a 14:30h mailos  martes  pola tarde de 16 a 19:00h.. Ademais de facer unha ou dúas gardas ao mes cada mestr@ de 16 a 18h. na que atende a biblioteca e supervisa as actividades extraescolares.

No mes de setembro elabóranse os horarios pol@ xefe de estudos en coordinación co equipo directivo e tras consensuar criterios cos mestres.

HORARIO TOTAL 2018-19

| | Patricia 3 Anos | Maricruz 4 Anos | Eva 5 Anos | Ana 1º | Chelo 2º | Ángel 3º | Susana 4º | Begoña 5º | Juan 6º | EQUIPO DIRECT |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LUNS 1º 2º 3º | Ap Rosa PSICO | PSICO | | Susana Mat | MÚS | | PLÁS INGLÉS | INGLÉS | PLÁS | S+D |
| | | | | | | | | | | |
| LUNS 4º 5º | | Ap Rosa | BIBL Rosa | MÚS E.F. | INGLÉS | MÚS | | E.F. | INGLÉS MATE | Din ED |
| MARTES 1º 2º 3º | Ap Rosa | Ap Rosa | INGL/TIC INGL/TIC | INGLÉS Mat +Susa | Ángel PLÁS Ángel | PLÁS E.F. | MÚS | MÚS | MATE | X |
| | | | | | | | | | | |
| MARTES 4º 5º | | | Rosa Ap Rosa | E.F. | E.F. | | | INGLÉS | MÚS Leng | |
| MÉRCORES 1º 2º 3º | Ap Rosa INGL/TIC INGL/TIC | PSICO | PSICO | TIC M Mat | TIC M | | | BIBL | INGLÉS | S+D Din Or |
| | | | | | | | | | | |
| MÉRCORES 4º 5º | MÚSICA | Ap Rosa | | REL/VAL Susana | REL/VAL | INGLÉS E.F | E.F INGLÉS | | Leng MATE | |
| XOVES 1º 2º 3º | PSICO | INGL/TIC INGL/TIC | PSICO REL/VAL | Mat PLÁS | INGLÉS Ángel | BIBL | BIBL | REL/VAL PLÁS | MATE REL/VAL | X |
| | | | | | | | | | | |
| XOVES 4º 5º | | Ap Rosa | Ap Rosa | Susana BIBLMer | BIBLMer | . INGLÉS | E.F. | | INGLÉS E.F. | |
| VENRES 1º 2º 3º | BIBLRosa | MÚS BIBL Rosa | MÚS | INGLÉS Mat | REL/Val E.F. | REL/VAL | REL/VAL INGLÉS | INGLÉS | MATE Leng | D+S |
| | | | | | | | | | | |
| VENRES 4º 5º | REL/VAL Ap Rosa | REL/VAL | Ap Rosa | | Ángel | INGLÉS | | E.F. | BIBL E.F. | |

ÁNGELA CRIS OLGA MERCEDES JUAN

Ademáis, establécese unha planificación anual das actividades, festividades e conmemoracións previstas.

## RECURSOS ESPACIAIS E MATERIAIS:

Ao longo destes seis últimos anos realizáronse innumerables xestións para mellorar as instalacións, solicitando encarecidamente a subsanación das deficiencias de obra. Rematado o periodo de garantía, é o Concello o encargado de facelo.

Na actualidade ningúen se fai responsable.

- A Consellería aínda ten que comprobar os arranxos a levar a cabo pola constructora,
- e o Concello ten paralizado o ascensor por falta de contrato e todavía non contratou a empresa encargada do mantemento, polo que levamos dende xuño sen facer o mantemento das instalacións.

No que atinxe aos recursos espaciais, destacar que estamos a traballar nos seguintes espazos:



O Concello está a cubrir o patio, que permitirá do desenvolvemento das actividades independentemente de se chove ou non, pero o certo é que foi un comezo de curso con atrancos ao poder utilizar só o espazo axardinado no tempo de lecer.

Os horarios das aulas específicas son:

## HORARIO OCUPACIÓN XIMNASIO

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00-09:50 | | | | | |
| 09:50-10:40 | Psico 4a | | Psico 5a | Psico 5a | |
| 10:40-11:30 | Psico 3a | 3º | Psico 4a | Psico 3a | 2º |
| R | E | C | R | E | O |
| 12:00-12:20 | | | | | |
| 12:20-13:10 | 5º | 1º | 4º | 4º | 5º |
| 13:10-14:00 | 1º | 2º | 3º | 6º | 6º |

## HORARIO BIBLIOTECA 18-19

| | LUNS | MARTES | MÉRC. | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00-09:50 | | | 5º | CRIS/MERCE | |
| 09:50-10:40 | CRIS | ANA | | 4º | 3a ANA |
| 10:40-11:30 | ANA | | | 3º | 4a |
| R | E | C | R | E | O |
| 12:00-12:20 | | | | | |
| 12:20-13:10 | 5a | | DIN BIBLIOTIC | 2º | 6º |
| 13:10-14:00 | | CRIS | CRIS | 1º | CRIS |

***Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria***

## 4. Concreción anual do PEC

O CEIP. VIRXE DO ROCÍO, atopase ubicado nunha parcela de 5138 m2, no barrio vigués que leva o mesmo nome, situado no nº 70, entre os barrios de Bouzas e Coia.



Sobre a mencionada parcela, atopábanse edificados unha serie de edificios de diferentes épocas e sistemas construtivos, sen orde aparente




O edificio orixinal, é un edificio con fachada de pedra con forxados en formigón e muros de carga. Esta parte de edificio é o que se conservou e agora anexóuselle outro de nova construción.

No edificio antigo, sitúanse na planta baixa a zona de administración composta por Dirección, Arquivo, Secretaría, Sala de mestres, Conserxería, Biblioteca, Aula Tic, que polas tardes están abertas para dar servicio á comunidade, e na planta superior o Departamento de Orientación, Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica, Aula de Idiomas, Aula de desdobre, aseos e aulas do primeiro ciclo de Educación Primaria.

Este edificio histórico, únese á nova edificación mediante un pasadizo acristalado, nas dúas plantas. A ampliación consta de dous corpos, en "L". Na planta superior sitúanse os aseos, catro aulas de Educación Primaria e a Sala de Usos Múltiples. Na baixa, atopamos o ximnasio, os vestiarios e uns baños situados de tal xeito que serven ademais do ximnasio ao exterior. O terceiro corpo, xunto ao lindeiro, NE, se divide en dúas partes. Unha primeira na que se sitúan as tres aulas de Educación Infantil e o Laboratorio das artes, e noutra

ondea topamos o Comedor, Office de comedor, zona de persoal, cuartos de instalación, local do ANPA e Laboratorio das Ciencias.

As aulas de Educación Infantil, se atopan todas na planta baixa e te entrada independente, que se sitúa nun pórche cuberto que permite aos país e alumnos esperar protexidos das inclemencias climatolóxicas. Ao dispor de entrada independente, con respecto ás aulas de primaria evítanse as aglomeracións. A pesares disto, tódalas partes da escola están perfectamente conectadas tanto polo interior como polo exterior.
Como o centro non dispón de patio cuberto, esta entrada co enreixado pechado, serve de recreo dos nenos e nenas de educación infantil, os días de choiva suave.



As aulas de infantil atópanse todas na planta baixa, para evitar que os máis cativos teñan que subir e baixar escaleiras constantemente. Abren cara o sur, de xeito que se aproveita a enerxía solar todo o ano, dispoñen de saída directa ao exterior, o que permite realizar actividades fora do aula, sempre que o mestre o considere oportuno e o tempo o permita. Este espazo exterior, atopase delimitado polo edifico histórico, polo que a área de xogos queda perfectamente delimitada polo edificio antigo e o novo o que facilita o control dos nenos e nenas.

A fachada da nova edificación é de panel prefabricado de formigón pintado, e cubertas planas con un sistema de recollida e aproveitamento das augas pluviais.

As aulas e os corredores, teñen amplos acristalamentos que reducen ao máximo o consumo de enerxía eléctrica.
A distribución do centro quedará acorde aos planos que están pendentes de entrega polo GOC, dende hai máis de dous anos.
As instalacións principais son as seguintes:

FACHADA PRINCIPAL.
EDIFICIO HISTÓRICO.



AULAS INFANTIL E PATIOS.





ZONA VERDE.



PISTA POLIDEPORTIVA.



XIMNASIO



PISTA POLIDEPORTIVA

Facer desdobres nas áreas instrumentais básicas, apoios dentro das aulas é fundamental, tendo en conta a elevada matrícula. Cada ano é máis complicado poder acadalo.
A escaseza de recursos humanos é considerable, so dispomos de 14h de especialista en audición e linguaxe e 10 de orientación educativa.
Dende a dirección e co apoio da comunidade educativa, manifestamos que o profesorado quere que o ensino continúe a ser para todos e todas, polo que defenderemos sempre un ensino público de calidade, participando cos demais cos seus valores e as súas diferenzas pero sen minguar recursos nin absorbelos na súa totalidade, polo que apostamos decididamente por traballar de xeito cooperativo coa inspección educativa e os organismos superiores para acadar todas e cada unha das melloras mencionadas anteriormente.

A pesares da boa profesionalidade dos mestres da escola, non dubidamos que, nalgunha ocasión, nos trabucaremos nalgunhas actuacións, pero sempre estamos susceptibles de mellorar e modificar todo aquelo que poida xerar problemas internos. Teremos en conta todas e cada unha das reflexións dos mestres e tamén as conclusións da memoria final de curso do ano pasado.
Dende a dirección fíxose unha planificación anual, entregada aos mestres e aprobada. Malia todo, pode sufrir modificacións.

A poboación da zona de influencia pódese clasificar en dous tipos. Por unha banda, está o alumnado procedente da zona de Bouzas e de Coia, con familias de clase obreira, nas que abunda o paro e a emigración xa que é unha zona de

baixos alugueres. A media de idade da poboación é bastante alta, sendo frecuentes os casos de alumn@s que viven durante o día cos avós. A construción na zona está formada por pequenos edificios antigos no barrio de Bouzas, por vivendas unifamiliares e casas acaroadas no barrio do Rocío e por edificios altos no barrio de Coia. E o alumnado procedente de Navia, na contorna da escola, que é unha pequena cidade, formada por grandes edificacións, o que fai que se producise un gran incremento da poboación, sobre todo, con xente nova, o que está dinamizando a vida da escola e aumentando dun xeito considerable a poboación escolar.

A actitude das familias respecto ás expectativas académicas dos seus fillos e fillas é en xeral, positiva, aínda que temos máis de unha excepción. O alumnado ten un bo nivel de asistencia e disciplina en liñas xerais. Nós intentamos potencia-lo seu interese, motivando e mellorando os hábitos de estudio e inculcando valores máis sólidos. Moitos dos pais e as nais participan dun xeito activo, tanto nas actividades que organiza o Centro como nas que realiza a A.N.P.A. Esperamos e agardamos que este número de familias se incremente.

O Departamento de Orientación do Centro desenvolve neste senso o labor de asesoramento, orientación e apoio, en colaboración con todo o profesorado na procura dun mellor aproveitamento dos recursos e na obtención dos mellores resultados posibles. Actualmente este servizo atópase desbordado pola gran cantidade de alumnas e alumnos que precisan da súa intervención.

Co funcionamento do Comedor Escolar, xestionado pola Xunta na modalidade de xestión indirecta, catering, e coas múltiples e variadas Actividades Extraescolares que se ofertan intentamos prestar un mellor servicio ás familias.

A relación entre o profesorado é boa, existindo un bo clima de convivencia, colaborando nos equipos con interese e facilitando a organización do Centro.

A A.N.P.A organiza algunhas actividades extraescolares, participando en todos aqueles actos nos que o Centro os empraza. Este curso escolar continúan co blogue https://anpaosirmandinhos.blogspot.com.es/

Queremos subliñar tamén que durante este curso, TEREMOS de novo a nosa BIBLIOTECA ESCOLAR como a DINAMIZADORA DE TODAS AS ACTIVIDADES QUE REALIZAREMOS NA NOSA ESCOLA. Esperamos que a nosa mascota PICOLINDO logre seducir a todos os nosos alumnos/as para acceder ao máxico mundo dos libros e nos axude a acadar os obxectivos propostos no noso PROXECTO LECTOR. Destacamos que este curso continuamos sendo un dos centros elixidos no PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES polo que melloraremos en todos os aspectos a nosa biblioteca escolar.

Por último, e insistindo no antedito, agardamos que todos teñamos a paciencia suficiente para sobrelevar as pequenas deficiencias que fagan **o noso centro, ademáis de ser unha escola moderna, sexa recoñecida polo seu traballo e impulsada dende os distintos sectores educativos. Pola nosa parte, reafirmamos a nosa promesa de traballar con entusiasmo e ilusión para contribuír a acadar todos estos obxectivos.**

## 5. Modificación do PEC

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, establecese que estes Centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro, seguindo estas disposicións:

O Equipo directivo elaborou o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

Os apartados que se inclúen son os seguintes:

- ✓ Obxectivos do centro
- ✓ Fins e intencións educativas
- ✓ Oferta educativa
- ✓ Organización xeral
- ✓ Regulamento de Réxime Interior
- ✓ Relacións coas familias e institucións

Este documento marca a personalidade do centro e serve de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión tales como:

- ✓ PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
- ✓ PROXECTO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
- ✓ PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- ✓ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- ✓ PLAN LECTOR
- ✓ PLAN DE CONVIVENCIA
- ✓ PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- ✓ N.O.F.
- ✓ PROXECTO ABALAR.
- ✓ PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.
- ✓ PLAN DE ORIENTACIÓN.

No documento anexo, presentase o PE actualizado para a súa aprobación.

## 6. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado ACNEAE

As estratexias para prever e atender ás dificultades de aprendizaxe e a atención ao alumnado con NEAE atópanse afectadas polo PE, as concrecións curriculares e as programacións.

O PAD é o conxunto de actuacións, medidas organizativas, apoios e reforzos que un centro deseña e pono en práctica para proporcionar ao alumnado, a resposta educativa máis axustada ás súas necesidades educativas xerais e particulares.

En primeiro lugar as estratexias organizativas.

Dan resposta ás finalidades educativas. Estas medidas atópanse dentro do plan de atención á diversidade, recolléndose as seguintes medidas:

- ✓ Organizar os grupos adecuando a composición e ou número de alumnos e alumnas ás súas características e necesidades;
- ✓ Crear aulas-materia, como fonte de recursos diversificados e adaptados ás necesidades do alumnado;
- ✓ Organizar grupos de reforzo;
- ✓ Contemplar a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e en la distribución inicial dos agrupamentos;

- ✓ Reducir ou número de profesores e profesoras que atenden a alumnos e alumnas ou a grupos con características específicas. Cando as características dun alumno ou alumna o dun grupo de alumnos e alumnas o requira, se procurará que o equipo docente que o atende estea composto polo menor número posible de profesores e profesoras;
- ✓ Coordinar a actuación dos diferentes profesionais.
- ✓ Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que sexa posible a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro; e docencia compartida, que estará en función das características e das necesidades do alumnado e dos grupos, posibilitando a intervención simultánea de varios profesionais.

En segundo lugar as estratexias curriculares:

- ✓ Priorizando obxectivos e seleccionando os contidos mínimos.
- ✓ Variando la temporalización dos mesmos.
- ✓ Enriquecendo o currículo das áreas con referencias e aportacións de diferentes culturas.
- ✓ Aprendizaxe cooperativo.
- ✓ Titoría entre iguais.
- ✓ Desenvolvemento de de estratexias de aprendizaxe.
- ✓ Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- ✓ Diversificar los procedementos de avaliación mediante estratexias como:
    - Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación.
    - Variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información.
    - Rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado.

En terceiro lugar as estratexias de coordinación:

- ✓ O seguimento individual e grupal do alumnado.
- ✓ O desenrolo integral do alumnado.
- ✓ A colaboración periódica coas familias.

- ✓ Reunións periódicas do profesorado que intervén cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das súas actuacións.

As medidas didácticas, son as estratexias e recursos das que dispón o profesorado para adaptar o proceso de ensinanza en función das necesidades de aprendizaxe do seu alumnado. Se refiren **ao que** e **como ensinar** e ao que, como **e cando avaliar.**

As medidas organizativas e curriculares non teñen sentido en si mesmas se non se toman decisións metodolóxicas de aula que dean resposta a todos e cada un dos alumnos e alumnas, aos que presentan dificultades de aprendizaxe e aos que non.

A organización da resposta á diversidade debe permitir individualizar a ensinanza ao máximo, polo que os obxectivos educativos se alcanzarán combinando medidas organizativas e estratexias metodolóxicas, para que todo o conxunto teña un sentido funcional. Só desta maneira cada alumno e alumna poderá acadar as competencias básicas para o seu desenrolo persoal, escolar e social.

As medidas de resposta á diversidade non son excluíntes, senón que poden combinarse entre si.

Algunhas estratexias metodolóxicas que poden favorecer a xestión da diversidade dende propostas que faciliten a participación activa do alumnado, a construción do seu propio aprendizaxe, a contextualización dos coñecementos, a súa vinculación cos intereses e experiencias, a interacción entre iguais, etc.

Todas estas estratexias poden utilizarse en cada unha das medidas organizativas e curriculares:

## APRENDIZAXE COOPERATIVA

Os modelos ou métodos de aprendizaxe cooperativos son estratexias sistemáticas e estruturadas que teñen en común que o profesor/a organiza a clase en grupos heteroxéneos de 4 a 6 alumnos/as, de modo que en cada grupo haxa alumnos/as de distinto nivel de rendemento, capacidade, sexo, etnia e grupo social.

| 11 | 16:00 | AVALIACIÓNS DE 6º A 1º |
| | 17:00 | |
| | 18:00 | |
| 18 | 16:00 | ENTREGA DE BOLETÍNS |
| | 17:00 | |
| | 18:00 | XUNTANZA XERAL, GRADUACIÓNS E EXCURSIÓN FIN DE CURSO |
| | | |
| | | |

## 13. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa

Cremos que a formación permanente do profesorado é fundamental e contribúe a mellora do labor docente na aula. É moi importante a formación en centros.

O equipo directivo deberá:

- Manter unha postura de apertura e colaboración co profesorado impulsando todas aquelas propostas que xurdan no centro e que teñan como fin incrementar a calidade do ensino.
- Informar de documentos, noticias,.. do seu interese.
- Facilitar a información precisa ao mesmo.
- Potenciar o traballo en equipo.
- Elaborar os horarios sengundo os criterios establecidos permitindo que se cubran substitucións e se atenda ao alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Implicar ao profesorado en actividades e iniciativas que se poñan en marcha no centro.
- Creación de grupos de traballo,
- Facilitar a participación do profesorado nos cursos de formación organizados polo CEFORE.
- ...

| **MESTRE** | CURSO SOLICITADO |
|---|---|
| **ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA** | • G1802025 IX Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia<br>• V180130 Obradoiro de TIC ao servizo da biblioteca escolar e ALFIN |
| **CRISTINA ALONSO RAMOS** | • G1802025 IX Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia |
| **ÁNGELA NOVOA BLANCO** | • V1802013 - Programación con Scratch<br>• G1801053 - Formación continua para directoras e directores |

| | |
|---|---|
| **EVA Mª MADARNÁS RODRÍGUEZ** | • Percorrendo a contorna. O patrimonio histórico-artístico como recurso didáctico |
| **MARÍA MERINO ARÉVALO** | • Curso de galego para o profesorado en prácticas 12 de setembro ao 8 de outubro de 2018 . 20 horas<br>• Atención educativa ao alumnado con TEA na aula ordinaria 26/10/2018 - 29/11/2018<br>• Ensinanza de linguas vernáculas a alumnado estranxeiro 25/10/2018 - 22/11/2018<br>• Formación avanzada no EVA E-DIXGAL 23/10/2018 - 13/11/2018<br>• Formación inicial para docentes en prácticas 29/10/2018 - 25/11/2018<br>• Actualización lingüística en inglés (nivel B1) 03/12/2018 - 11/03/2019<br>• As tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento no deseño de actividades integradas 16/01/2019 - 07/03/2019<br>• A aula Abalar. Formación técnica 15/10/2018 - 13/12/2018<br>• Curso de tratamento do TDAH desde o ámbito educativo 04/10/2018 - 26/11/2018<br>• Traballo colaborativo con dispositivos móbiles 08/10/2018 - 14/12/2018<br>• Webs dinámicas: Drupal e Coppermine 02/10/2018 - 03/12/2018 |

Ademáis, participase en distintos programas de innovación educativa:

## PLAN PROXECTA: ALIMÉNTA-T BEN

- **Distribución de froita fresca ao alumnado.**
- **O sabor da aventura está no mar.**
- **Ponlle as pilas ao teu bocata.**

## PLAN PROXECTA: XOGADE

Escola de balonmán O RESÍO

PDC – Xogade – Balonmán O Resío

DAFIS

Coñece o meu club

Actividade lúdica

# 14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro

No presente curso escolar, o claustro de mestres decidiuse por dar continuidade ao proxecto iniciado o pasado curso escolar. Apóstase firmemente polo traballo a través do libro dixital. Nalgúns cursos de fondo de libros solicitase ás familias que merquen as licencias para poder traballar cos nenos acordes aos novos tempos.

| RELACIÓN LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2018-19 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Código de centro: 36010009<br>Denominación do centro: CEIP VIRXE DO ROCÍO | | | | |
| 1º EP | LINGUA CASTELÁ | LENGUA TRIMESTRAL LETRA A LETRA SAVIA ED. SM | 9788467567908 | CASTELÁ |
| 1º EP | LINGUA CASTELÁ | LEO<br>ED. ANAYA | 9788467846195 | CASTELÁ |
| 1º EP | LINGUA CASTELÁ | ESCRIBO<br>ED. ANAYA | 9788467846201 | CASTELÁ |
| 1º EP | MATEMÁTICAS | TRIMESTRAL SAVIA-14 ED. SM | 9788467570182 | CASTELÁ |
| 1º EP | CIENCIAS DA NATUREZA | PROXECTO CELME 1 ED. SM | 9788498544374 | GALEGO |
| 1º EP | CIENCIAS SOCIAIS | PROXECTO CELME 1 ED. SM | 9788498544367 | GALEGO |
| 1º EP | INGLES | HEROES 1 PUPILS BOOK<br>ED. MACMILLAN | 9780230492981 | INGLES |
| 1º EP | MATEMÁTICAS | CUADERNO MATEMÁTICAS PRIMEIRO TRIMESTRE SAVIA-14 | 9788467570359 | CASTELÁ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | MATEMÁTICAS | CUADERNO MATEMÁTICAS SEGUNDO TRIMESTRE SAVIA-14 | 9788467570366 | CASTELÁ |
| 1º EP | MATEMÁTICAS | CUADERNO MATEMÁTICAS TERCEIRO TRIMESTRE SAVIA-14 | 9788467570373 | CASTELÁ |
| 2º EP | LINGUA GALEGA | INTEGRADO CELME-15 ED. SM | 9788498545128 | GALEGO |
| 2º EP | MATEMÁTICAS | TRIMESTRAL SAVIA-15 ED. SM | 9788467575071 | CASTELÁ |
| 2º EP | CIENCIAS DA NATUREZA | INTEGRADO CELME 15 ED. SM | 9788498545098 | GALEGO |
| 2º EP | CIENCIAS SOCIAIS | PROXECTO CELME 2 ED. SM | 9788498545135 | GALEGO |
| 2ºEP | INGLÉS | QUEST 2 PUPILS BOOK PACK – ED. MACMILLAN | 9780230478985 | INGLÉS |
| 2º EP | MATEMÁTICAS | 2º EP. CUADERNO DE MATEMÁTICAS PRIMEIRO TRIMESTRE | 9788467578423 | CASTELÁ |
| 2ºEP | MATEMÁTICAS | 2º EP. CUADERNO DE MATEMÁTICAS SEGUNDO TRIMESTRE | 9788467578447 | CASTELÁ |
| 2ºEP | MATEMÁTICAS | 2º EP. CUADERNO DE MATEMÁTICAS TERCEIRO TRIMESTRE | 9788467578454 | CASTELÁ |
| 3º EP | LINGUA GALEGA | INTEGRADO CELME-14 ED. SM | 9788498544206 | GALEGA |
| 3º EP | MATEMATICAS | TRIMESTRAL SAVIA-14 ED. SM | 9788467569988 | CASTELÁ |
| 3ºP | INGLES | QUEST 3 ACTIVITY PACK- ED. MACMILLAN | 9780230478695 | INGLES |
| 3º EP | CIENCIAS DA NATUREZA | INTEGRADO CELME-14 ED. SM | 9788498544275 | GALEGA |
| 3º EP | CIENCIAS SOCIAIS | INTEGRADO CELME-14 ED. SM | 9788498545166 | GALEGA |
| 3º EP | LINGUA CASTELÁ | DICCIONARIO INTERMEDIO PRIMARIA ED. SM | 9788467541281 | CASTELÁ |
| 4º EP | MATEMATICAS | TRIMESTRAL SAVIA-15 ED. SM | 9788467575408 | CASTELÁ |
| 4º EP | LINGUA GALEGA | INTEGRADO CELME-15 ED. SM | 9788498545265 | GALEGA |
| 4º EP | LINGUA CASTELÁ | TRIMESTRES SAVIA-15 ED. SM | 9788467575385 | CASTELÁ |
| 4ºP | INGLES | QUEST 4 ACTIVITY PACK- ED. MACMILLAN | 9780230478701 | INGLES |
| 4º EP | LINGUA CASTELÁ | DICCIONARIO INTERMEDIO PRIMARIA ED. SM | 9788467541281 | CASTELÁ |
| 5ºEP | MATEMATICAS | TRIMESTRAL SAVIA-14 ED. SM | 9788467569933 | CASTELÁ |
| 5ºEP | LINGUA GALEGA | INTEGRADO TRIMESTRAL CELME-14 ED. SM | 9788498544213 | GALEGA |
| 5ºEP | LINGUA CASTELÁ | TRIMESTRAL SAVIA-14 ED. SM | 9788467569926 | CASTELÁ |
| 5ºP | INGLES | QUEST 5 ACTIVITY PACK- ED. MACMILLAN | 9780230478718 | INGLES |
| 5ºEP | CIENCIAS DA NATUREZA | INTEGRADO CELME 14 | 9788498545289 | GALEGA |
| 5ºEP | CIENCIAS SOCIAIS | INTEGRADO CELME 15 | 9788498545173 | GALEGA |
| 5º EP | LINGUA CASTELÁ | DICCIONARIO INTERMEDIO PRIMARIA ED. SM | 9788467541281 | CASTELÁ |
| 5º EP | LINGUA GALEGA | PEQUEÑO DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA ED. XERAIS | 9788497821698 | GALEGO |
| 6ºEP | LINGUA GALEGA | INTEGRADO TRIMESTRAL CELME-15 ED. SM | 9788498545258 | GALEGA |
| 6ºEP | LINGUA CASTELÁ | TRIMESTRAL SAVIA-15 ED. SM | 9788467575668 | CASTELÁ |
| 6ºP | INGLES | QUEST 6 ACTIVITY PACK- ED. MACMILLAN | 9780230478725 | INGLES |
| 6ºEP | CIENCIAS DA NATUREZA | INTEGRADO CELME 15 | 9788498545319 | GALEGA |
| 6ºEP | CIENCIAS SOCIAIS | INTEGRADO CELME 15 | 9788498545302 | GALEGA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 6º EP | LINGUA CASTELÁ | DICCIONARIO INTERMEDIO PRIMARIA ED. SM | 9788467541281 | CASTELÁ |
| 6º EP | LINGUA GALEGA | PEQUEÑO DICCIONARIO XERAIS DA LINGUA ED. XERAIS | 9788497821698 | GALEGO |
| 5º ED. INFAN TIL | LÓXICA-MATEMÁTICA | PIENSA CON NUBA. NUBARIGENIOS. MATEMÁTICAS EN ACCIÓN. CADERNO N.º 3, 3º TRIMESTRE. ED. EDELVIVES. | 978-84-263-8824-7 | CASTELÁ |
| 5º ED. INFAN TÍL | LÓXICA-MATEMÁTICA | PIENSA CON MOLI. NUBARIGENIOS. MATEMÁTICAS EN ACCIÓN. CADERNO N.º 1, 1º TRIMESTRE. ED. EDELVIVES. | 978-84-263-8826-1 | CASTELÁ |
| 5º ED. INFAN TÍL | LÓXICA-MATEMÁTICA | PIENSA CON MOLI. NUBARIGENIOS. MATEMÁTICAS EN ACCIÓN. CADERNO N.º 2, 2º TRIMESTRE. ED. EDELVIVES. | 978-84-263-8827-8 | CASTELÁ |
| 5º ED. INFAN TÍL | GRAFOMOTRICIDA DE | GRAFOMOTRICIDADE MONSTRUOSA. Nº2 ED. ANAYA. | 978-84-698-2985-1 | GALEGO |
| 6º ED. INFAN TIL | LÓXICA-MATEMÁTICA | MATEMÁTICAS 3. EDUCACIÓN INFANTIL. ED. ANAYA | 978-84-678-1590-0 | CASTELÁ |
| 6º ED. INFAN TIL | GRAFOMOTRICIDA DE | GRAFOMOTRICIDADE 3. ED. EDELVIVES. TAMBRE | 978-84-88681-99-7 | GALEGO |

## 15. Programación anual de actividades complementarias e extraescolares

Os equipos docentes deberán establecer unha conexión entre as seguintes actividades e o currículo, tendo en conta que algúnhas delas teñen un carácter lúdico e de convivencia que avalan a realización das mesmas. Con todas elas pretendemos desenvolver unha formación do noso alumnado o máis rica posible.

**Ao longo do presente curso escolar poderán realizarse todas aquelas actividades que xurdan e repercutan de xeito positivo na formación dos nosos alumnos.** Procuraremos que case todo o alumnado faga algunha saída didáctica en cada un dos trimestres do curso, integradas dentro da programación de cada nivel.

O alumnado deberá participar naquelas visitas ou saídas programadas na Programación Xeral Anual como unha actividade académica máis cando estas sexan gratuitas.

Previamente á realización de calquera saída didáctica comunicaráselles as características da mesma ás familias, solicitando ós pais, nais ou titores que asinen a correspondente AUTORIZACIÓN, sempre e cando sexa fora da localidade, pois para esta xa asinan unha única autorización ao principio do curso escolar.

Excepcionalmente, un alumn@ poderá ser privado do dereito a realizar unha saída didáctica por causa do seu mal comportamento ou de que a súa participación na mesma poida resultar perigosa para el ou para os seus acompañantes. Esta decisión será tomada polo profesorado que interveña na saída didáctica e a Xefa de Estudios, comunicándolla previamente ós pais. Neste caso @ alumn@ poderá permanecer na clase máis afín.

Deste mesmo xeito, poderase prohibir a súa asistencia a festivais ou a outros acontecementos.

| **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** |
|---|
| Por acordo do Claustro e do Consello Escolar, facultase ás súas respectivas Comisións Permanentes a autoriza-la inclusión neste plan básico aquelas actividades que ocasionalmente se propoñan ó longo do curso. Darase conta das mesmas nas primeiras sesións que celebren os devanditos órganos colexiados. |

Durante o curso 2018-2019 planificaranse actividades centradas nas diferentes finalidades:

- ✓ Desenvolver o sentido crítico e constructivo do alumnado mediante actividades de sensibilización sobre temas relacionados coa súa idade ou curso educativo.
- ✓ Facilitar a formación íntegra do alumnado mediante a interacción social.
- ✓ Acercar ao alumnado ao entorno que o rodea.
- ✓ Educar no respecto ao mundo natural, social e cultural.
- ✓ Facilitar a práctica de obxetivos traballados na aula.
- ✓ Acadar que a participación en actividades complementarias e extraescolares convértase nunha situación habitual entre o alumnado, mestres e familia.

- ✓ Crear no centro unha dinámica de actividades continuada e ben distribuída ao longo de todo o curso escolar.

Organizaranse actividades para festexar, en conxunto, datas de especial importancia polo seu carácter ou póla súa celebración oficial :

- ✓ Outubro: Samaín.
- ✓ Novembro: Magosto.
- ✓ Decembro: Nadal.
- ✓ Xaneiro: Día da Paz.
- ✓ Febreiro: Entroido.
- ✓ Marzo: Xornadas de Expertos
- ✓ Abril: Día do libro.
- ✓ Maio: Os Maios e Día das Letras Galegas
- ✓ Xuño: Excursión Fin de Etapa de Educación Primaria aínda sen determinar.
- ✓ Xuño: Excursión Fin de curso para toda a etapa de Educación Primaria.
- ✓ Xuño: Festa de Fin de curso.

Ademáis, decidirase a planificación de actividades de especial relevancia polo seu carácter didáctico e a súa utilidade respecto a diferentes contidos traballados nos cursos, tendo en conta os intereses do profesorado e as necesidades do alumnado.

## ACTIVIDADES NO CENTRO E SAÍDAS AO ENTORNO.

Solicitaronse actividades e saídas axustadas ás programacións dos diferentes cursos.

- ✓ Programa A fundación: Artes escénicas ( música e teatro).
- ✓ Programa Impórtanos: Representación teatral
- ✓ Programa Impórtanos: Contancontos con Bea ( centro escolar).
- ✓ Programa Artes Plásticas A Fundación
- ✓ Programa Cinensino
- ✓ Programa de prevención escolar e familiar do Concello de Vigo: Charlas sobre drogas, tabaco , alcohol e asertividade (centro escolar).

- ✓ Plan director para a Convivencia e mellora da seguridade nos centros e entornos: charla sobre a violencia de xénero (centro escolar). Policia local.
- ✓ Programa " O Sabor da Aventura está no Mar", integrado no Plan Proxecta Alimenta-T ben: obradoiro (centro escolar)
- ✓ Programa de Educación Viaria. Policía local: Saída ao Parque Infantil de Tráfico e Práctica Real no entorno. É probable que se renuncie á actividade polos impedimentos administrativos de solcitude.
- ✓ Visita ao Concello de Vigo.
- ✓ Visita ao Museo do Mar de Vigo.
- ✓ Visita ao zoolóxico de Vigo.
- ✓ Visita á Fundación Sales.
- ✓ Visita á Biblioteca Central de Vigo (6º EP).
- ✓ Programa Vigo en seguridade. Servizo Municipal de Bombeiros: Visita ás instalación (6º EP).
- ✓ Programa " Camiña con nós pola Igualdade": Obradoiros (6ºEI / 2º,4º e 6º EP).
- ✓ Excursión fin de etapa ao Campamento A Xesteira do Concello da Lama (6º EP).
- ✓ Excursión Fin de curso ( Etapa EP).
- ✓ Visita á Casa das Ciencias

Durante o curso escolar, poderanse planificar outras actividades e saídas consideradas favorecedoras nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, en función da demanda do profesorado.

## SAÍDAS FIXAS POR CURSOS.

Establecense unha serie de saídas que se deberían ter en conta na planificación das actividades cada ano escolar, distribuídas por cursos.

## Etapa de Educación Infantil:

- ✓ Fundación sales
- ✓ Museo do mar
- ✓ Biblioteca municipal.
- ✓ Teatro a Fundación

✓

**Etapa de Educación Primaria:**

**1º e 2º curso:**

- ✓ Visita ao Museo do Mar de Vigo.
- ✓ Visita ao Aeroporto.
- ✓ Visita ao Zoolóxico de Vigo.
- ✓ Visita á Fundación Sales.

**3º e 4º curso:**

- ✓ Visita ao Museo Liste.
- ✓ Visita a Vitrasa.
- ✓ Visita ao Aeroporto de Vigo.

**5º e 6º curso:**

- ✓ Visita ao Concello.
- ✓ Saída ao monte: Galiñeiro, Matamá, Campo lameiro…
- ✓ Visita ao Centro Arqueolóxico Salinae.
- ✓ Visita a Vila Romana de Toralla.

Reseñar que tamén se planificarán e desenvolverán outras atividades non contempladas na PXA, en función da oferta de actividades educativas que cheguen ao centro durante o curso escolar.

## 16. Plan de autoprotección / modificacións/ a observación de que segue vixente

O Plan de Evacuación de Centro consiste nunhas instrucións prácticas e sinxelas que sirvan de guía de actuación da Comunidade Escolar ante unha eventual emerxencia que se dea nos edificios escolares e sen contar con axuda do exterior, posto que no caso de producirse esta situación, ten que actuarse nos primeiros momentos, antes de que cheguen os servizos de protección.

Consideramos situación de emerxencia aquela que se produce por un incendio, aviso de colocación dunha bomba, fuga de gas, inundación,

explosión, ou calquera outro tipo de alarma que xustifique a evacuación rápida do mesmo.

Este plan, foi aprobado o curso pasado e aínda non puido ser posto en práctica polas condicións actuais da nosa escola. Esperamos que dunha vez por todas poidamos levar a cabo un simulacro. O grupo de traballo que asignará as funcións oportunas, é o que segue:

| **DIRECTORA** | **ANGELA NOVOA BLANCO** |
|---|---|
| **MESTRA** | CONSUELO PÉREZ FALQUE |
| **MESTRA** | MERCEDES DIZ VEGA |
| **PAI/NAI** | HECTOR ÁLVAREZ ARIAS. |

## 17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

A coidadora do centro, que atendía a todo o alumnado de n.e.a.e. segundo as súas necesidades, deixou de traballar na escola no pasado mes de xuño por considerar dende a Xefatura Territorial e a Inspección educativa que o alumnado actual non a precisaban.

A súa permanencia non foi posible, a pesar da solicitude reiterada do equipo docente pola súa grande necesidade.

Outro persoal non docente que pertence á escola é a figura do porteiro vixilante. Este persoal é enviado polo Concello á escola en periodos de seis meses, polo que ata mediados de novembro contamos con D. Enrique Couso e a partires desa data enviarán a outra persoa.

## 18. Horario de atención ao público

O equipo directivo atenderá diariamente de 9,00 h. a 9,45 h. e os martes, en período lectivo, de 16:00 h. a 16:45 h.

## 19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia

Cada grupo de alumnos/as pertencentes a un curso estará a cargo dun profesor titor, o cal desempeñará as seguintes funcións:

- Promover a educación integral dos alumnos/as de acordo co programa sinalado para o nivel, tendo en conta o entorno sociocultural do colexio.
- Coordinar a realización de actividades, tanto docentes como complementarias, cos profesores que teñan función docente co seu grupo de alumnos.
- Coñece-los intereses e o grao de integración do seu grupo de alumnos.
- Informar, orientar e asesorar ó alumno sobre a súa evolución escolar.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as, adoptando as decisións que procedan na súa promoción, previa audiencia dos pais/nais.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as, e ter informados ós pais/nais ou titores e ó xefe de estudios.
- Cumprimentar as actas e boletíns de avaliación e dar conta ós pais dos resultados do alumno/a.
- Celebrar entrevistas individuais ou reunións conxuntas cos pais dos alumnos, sempre que o estime oportuno.
- Estar a disposición dos pais/nais o día sinalado para este fin.
- Atender a tódalas reclamacións tanto dos outros profesores, coma dos alumnos e tomar medidas para a súa solución.
- Comunicarlle ó xefe de estudios ou director todos aqueles problemas que considere necesario.
- Controlar os expedientes académicos dos seus alumnos ó comezo do curso e telos debidamente cumprimentados e actualizados.
- Os titores deberán ter unha xuntanza con tódolos pais da súa titoría antes de remata-lo mes de outubro, que servirá de presentación

dos mesmos e un cambio de impresións do que se pretende sexa a boa marcha do curso escolar.

- Reunións trimestrais.
- Os días destinados para recibir visitas de pais serán os MARTES de 16 a 17h.

O claustro e o equipo directivo do centro, consideran imprescindibles as labores de acción titorial xa que contribúe a unha formación integral da persoa.

Os titores informarán aos pais sobre aspectos da vida do centro docente, e en especial destacar aspectos relevantes do plan de convivencia.

O centro educativo sempre tivo como criterio ofrecer o máximo de posibilidades que nos permite, polo que a nosa oferta educativa comeza xa as 07:30h, coa aula matinal para facilitar ás familias a conciliación da vida familiar e laboral. Este servizo está ofertado pola ANPA, ao igual que as actividades extraescolares.

A nosa escola, realiza saídas, actividades artísticas, literarias, deportivas, musicais, exposicións, teatro, ... en definitiva actividades complementarias.

Das actividades extraescolares encárgase a ANPA. Nós, dende a dirección, tentaremos velar polo correcto funcionamento de todas e cada unha destas actividades.

Ademais procuraremos:

- Obter información do desenvolvemento das mesmas.
- Informar das incidencias e imprevistos.
- Colaborar e facilitar o desenvolvemento das mesmas.
- Asegurar os recursos espaciais, materiais e humanos precisos para un bo desenvolvemento.
- Suxerir á ANPA a creación de obradoiros de diverso tipo e facilitándolles o uso das nosas instalacións.

As familias son moi importantes. Lograr e manter a implicación dos pais na educación dos seus fillos e unha das tarefas máis importantes que temos na escola de hoxe en día.

Xa o primeiro día do curso escolar, aproveitase o acto de benvida para sensibilizar ás familias sobre a importancia de manterse en estreito contacto coa escola e de facer un seguimento diario do traballo dos seus fillos e fillas.

Ademais aproveitase neste mesmo acto para invitar ás familias a formar parte da ANPA, e indícaselles que é un xeito moi importante de participar na vida educativa dos seus fillos.

Ademais, informáselles que se terán entrevistas con elas os martes pola tarde en horario de atención a pais, e de non ser posible, facilitaráselle outra hora, e farase unha entrega directa dos informes finais de trimestre. Aquí valoraranse os resultados e proporanse as medidas necesarias. En Educación Infantil, estes contactos adoitan ser máis frecuentes que en Educación Primaria, nós debemos tentar que a presenza dos pais ou titores legais sexa sempre relevante. É moi importante:

- Continuar colaborando coa ANPA e os pais e nais en xeral.
- Mantelos informados das decisións tomadas no Consello Escolar, o Claustro,... e calquera outro que afecte á educación dos seus fillos.

## 20. Plan de transporte escolar

Basease na **INSTRUCIÓN 3/2018**

Normativa aplicable:

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG do 09.07.1986),
- Decreto 160/1988 (DOG do 27.06.1988), Orde do 1 de marzo de 1991 (DOG do 14.03.1991),
- Orde do 29 de xullo de1988 (DOG do 01.09.1988),
- Decreto30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16.03.2007) e
- Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do19.03.2007).

O transporte escolar, nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, está considerado como un **servizo educativo de carácter complementario** destinado fundamentalmente a garantir e facilitar o acceso á educación obrigatoria, constituindo un importante factor da súa calidade.O transporte escolar é un servizo gratuito do que dispón a nosa escola. O encargado do mesmo é a Xunta de Galicia que é quen adxudica a empresa que presta os servizos. Neste intre a empresa encargada é *Rias Baixas.*

No autobús escolar viaxa unha persoa acompañante, adulta, que é quen regula a orde. O/a acompañante escolar é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como, no seu caso, da recollida e acompañamento d@s alumn@s dendeo autobús ata o interior do recinto escolar. A presenza da persoa acompañante é obrigatoria.

Ten dereito ao transporte escolar gratuíto o alumnado cuxos domicilios se encontren fóra do núcleo urbano no que se atopa o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km. Para poder ser usuario do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida ou, por así determinarlo, unha resolución de escolarización obrigatoria.

O **transporte escolar** chega ás 9.00h. e marcha ás 15.30h.

A ruta actual é a seguinte:

| IDA: | | |
|---|---|---|
| PARADA/HORA/NOME PARADAS | | |
| 1 | 8:05 | R/ PASEO DE ALFONSO (kiosco) |
| 2 | 8:06 | R/ PI I MARGALL, 17 |
| 3 | 8:08 | R/ PI I MARGALL, 84 (PARADA BUS) |
| 4 | 8:11 | R/ PI I MARGALL, 108 |
| 5 | 8:14 | R/ LÓPEZ MORA, Nº 84 (PARADA BUS) |
| 6 | 8:18 | PRAZA EUGENIO FADRIQUE (SÓLO IDA) |
| 7 | 8:22 | R/ CASTRELOS, 54 (ESTANCO) |
| 8 | 8:24 | R/ CASTRELOS, 116 |
| 9 | 8:25 | R/ CASTRELOS, 184 (Río) |
| 10 | 8:26 | AV. DEL ALCALDE PORTANET, Nº3 |
| 11 | 8:27 | R/ EUGENIO KRAF, Nº 33 |
| 12 | 8:30 | AVDA. FLORIDA Nº 56 (Supermercado Froiz) |
| 13 | 8:32 | R/ FLORIDA, Nº 143 (Fronte elefante azul) |
| 14 | 8:33 | R/ PADRE SEIJAS, Nº 32 |
| 15 | 8:35 | R/ PORRIÑO, Nº 2 |
| 16 | | R/ BAIONA (Parada-bus) |
| 17 | | CRUCE R/ REDONDELA CON R/PORRIÑO (Parada-bus) |
| 18 | 8:40 | R/ TEIXUGUEIRAS, 16 |
| 19 | 8:41 | R/ TEIXUGUEIRAS, 22 |

20 8:43 R/ TEIXUGUEIRAS, 28 (Farmacia)

21 8:45 R/ TEIXUGUEIRAS, 34

22 8:49 CRUCE R/ XUNCAL CON R/ SAN PAIO

23 8:50 R/ SAN PAIO, Nº 90

24 8:52 R/ TOMÁS PAREDES, Nº 1

25 8:55 AV. ATLANTIDA, 25 (Autoescuela)

VOLTA:

PARADA/HORA/NOME PARADAS

1 15:30 CEIP VIRXE DO ROCIO

2 15:36 R/ TOMAS PAREDES, Nº 1

3 15:40 AV. ATLÁNTIDA, Nº 52 (Autoescuela)

4 15:45 R/ SAN PAIO, Nº 90

5 15:46 CRUCE R/ XUNCAL CON R/ SAN PAIO

6 15:50 R/ TEIXUGUEIRAS, 6

7 15:51 R/ TEIXUGUEIRAS, 22

8 15:54 R/ TEIXUGUEIRAS, 19 (Parada bus vitrasa)

9 15:56 R/ PORRIÑO, Nº 7

10 15:59 CRUCE R/ REDONDELA CON R/PORRIÑO (Parada-bus)

11 16:00 R/ BAIONA (Parada-bus)

12 16:03 R/ PADRE SEIJAS, 32

13 16:07 R/ FLORIDA, 143 (Fronte elefante azul)

14 16:09 R/ MANUEL DE CASTRO (Parada-bus)

15 R/ BALAIDOS (Supermercado Familia)

16 R/ BALAIDOS, Nº 9 (Supermercado Día)

17 R/ CASTRELOS, Nº 184 (Río)

18 16:11 R/ FRAGOSO Nº 97 (Bodia)

19 16:13 R/ FRAGOSO Nº 53 (Mesón)

20 16:15 C/ FRAGOSO, Nº 17 (Bar Chivito)

21 16:20 R/ ÁLVARO CUNQUEIRO Nº 30

22 16:25 R/ PI I MARGALL, 30

23 16:26 R/ PI I MARGALL, 84 (Parada-bus)

24 16:27 R/ PI I MARGALL, 108

25 16:32 PRAZA DE EUGENIO FADRIQUE (Parada-bus)




## 21. Regulamento da organización do comedor

O Comedor Escolar é un **servizo educativo complementario** que contribúe á organización da vida familiar.

A xestión do Servizo correspóndelle á **XUNTA DE GALICIA** e lévase na modalidade de xestión indirecta. Unha empresa elabora as comidas nas súas propias instalacións e fainas chegar ao Centro diariamente. Para o presente curso escolar, a empresa encargada do servizo é **SODEXO**.



A prestación do servizo de comedor coincide co calendario lectivo do alumnado, en horario de 14.00 a 16.00 horas. Inclúe os servizos de xantar e atención aos usuari@s nos períodos de lecer anterior e posterior ao mesmo.

No actual curso escolar ofértanse 143 prazas de comensais.

## REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO

Os representantes legais do alumnado poderán manifestar o seu desexo de utilizar o servizo de comedor facéndoo constar no período de matriculación para o curso seguinte.

Para o curso 2018/19, a solicitude de praza e a documentación que acredite o dereito a beneficiarse dalgunha das axudas para comedor, presentarase na Secretaría do centro. O modelo de solicitude pódese descargar na Web da escola ou recoller no propio centro

- ✓ É de obrigado cumprimento a asistencia tódolos días que figuran na solicitude.
- ✓ A dirección do Centro continúa a ser a responsable deste servizo e, por iso, para calquera comunicación relativa a baixas, altas, dietas... preferiblemente enviando un whatsApp ao móbil da escola 658 715 569. De non ser posible, deberán dirixirse aos membros do Equipo Directivo, persoalmente. Estes avisos deben ser feitos con antelación ao día correspondente ou antes das 09:30 do día efectivo de ausencia.
- ✓ Se estas ausencias son por razóns de saúde deberán entregar xustificante médico en canto o usuario/a se reincorpore ao comedor.
- ✓ O servizo de comedor remata as 16.00 horas. A partir desta hora, pais, nais ou representantes legais faranse cargo dos comensais. Establécense dúas quendas de saída:
- ✓ Ás 15.30h. coincidindo coa saída do bus escolar
- ✓ A partires das 15.50h, e ata ás 16h. momento no que remata o servizo de comedor.
- ✓ Os alumn@s, do quinto e sexto curso de primaria, que marchen sós deberán contar coa correspondente autorización asinada.
- ✓ Pequenas faltas acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención e trasladadas á persoa responsable de comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas convenientes.
- ✓ As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza.

- ✓ No caso de dietas especiais deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, sen lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.
- ✓ Os alumn@s que non asistan ás clases non poderán facer uso do Servizo de Comedor.
- ✓ En ningún caso se administrarán medicamentos aos nen@s que asisten ao Comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nen@s. En caso necesario, arbitrarase o xeito de que os pais ou titores do alumn@ poidan acceder ao Centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán poñerse en contacto coa Dirección.
- ✓ O menú diario será enviado ás familias nas dúas rotacións existentes, menú de outono/inverno e menú de primavera/verán. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta completa dos seus fill@s, complementando no resto de comidas o inxerido no Comedor.
- ✓ Cada alumn@ disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes.
- ✓ Todos os alumnos deben respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada ao Comedor, conduta e hábitos de comida.
- ✓ O incumprimento por parte dos alumnos das Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor, así como o non pagamento das mensualidades, pode chegar a supoñer a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.
- ✓ Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.
- ✓ É obrigatorio cumplir as normas xerais establecidas no NOF no relativo ao Comedor escolar. No caso de que se incumplan por parte dalgunha familia, poñeremolo en coñecemento do Organismo competente.

## 22. Plan de utilización das instalacións do centro

Seguese a normativa vixente. Previa solicitude por escrito dirixida á dirección do centro, elevarase a proposta ao Consello Escolar e solicitarase a súa utilización ao Concello e a Xefatura Provincial. Actualmente, o centro desenvolve ademáis das actividades lectivas, e en horario de tarde un plan de actividades propostas pola Anpa para o alumnado do Centro.

## 23. Plan de actividades propostas pola ANPA

Dentro do plan de Apertura, os servicios complementarios que oferta a nosa escola son Aula Matinal e Actividades extraescolares.

**AULA MATINAL**

El Aula Matinal funciona dende las 7:30 ata as 9 da mañá. Estará en servicio tódolos días lectivos.

As actividades programadas son:

- ✓ Recepción e coidado na aula.
- ✓ Realización de actividades lúdicas.
- ✓ Descanso.
- ✓ Acompañamento dos alumnos ás súas respectivas filas.

Ademáis, presenta o seguinte Plan de Actividades Extraescolares:
As actividades propostas para este curso son:

**BAILE**: axuda ao desenvolvemento da expresión e a creatividade, favorece o oído musical e a linguaxe corporal. Además os nenos e nenas o pasan moi ben. Teñen varias exhibicións durante o curso. Fanse dous grupos diferentes, un grupo de infantil e o outro de primaria. Tendo en conta que se traballan coreografías grupais, é importante o compromiso de asistencia.

**FÚTBOL**: Este deporte fomenta o traballo en equipo, o esforzo e desenvolve a condición física e mental. Os alumnos anotados a esta actividade teñen a oportunidade de xogar os fines de semana.

**NATACIÓN**: esta actividade desenvolvese fóra das instalacións do centro. Lévanse a cabo en diferentes horarios na piscina do Carmen (Travesas) e nas instalación do Mais que auga (Navia). O pago é cuadrimestral e faise na conta do ANPA. As altas e as baixas as tramitamos dende a nosa asociación.
Ao ser unha actividade fóra do Centro, debedes levar vos mesmos aos nenos. Recordade estar un pouco antes para ter tempo a cambiar aos nenos antes do comezo da actividade. Non esquecer as chanclas, gorro e lentes de auga.

**TAEKWONDO**: Este deporte mellora a coordinación, a resistencia, a forza, a flexibilidade, autodisciplina e o traballo en equipo. Ademáis ó final do curso todos aqueles alumnos que acaden o nivel adecuado, poden presentarse o examen para obter o cinturón. Este ano cambiamos de empresa debido aos diferentes problemas surxidos nos anos anteriores.

**OBRADOIRO DE INGLÉS**: Xa é un clásico na nosa escola. Tráballase o idioma mediante actividades lúdicas, fanse grupos diferenciados por idades e os grupos son reducidos para que o aproveitamento do aprendizaxe sea o máximo posible.
**ATLETISMO**: Nesta actividade encontramos moitas ventaxes tanto a nivel físico como cognitivo.. Por un lado os ósos fanse mais fortes, mellora o rego sanguíneo e a resitencia ás infeccións, diminue a grasa corporal e estimula o desenvolvemento muscular e xenera máis hormona do crecemento. A nivel cognitivo, se aprenden valores como a perseverancia, lealtade, esforzo, cooperación, gañan confianza en si mesmos e aumenta o seu rendemento académico.

Este ano voltamos a ofrecer esta actividade co Club Celta de Atletismo.

**BALONMÁN**: é un deporte de equipo moi completo que traballa todas as áreas físicas, hai que correr e saltar cas pernas, pasar e lanzar cos brazos, e require moite desgaste de calorías pois require o uso de moita forza, pero tendo en conta que a potencia sen control non serve, así que ademáis traballase a elesticidade e a coordinación.

**XIMNASIA ACROBÁTICA**: potencia o desenvolvemento motor, axuda a estar en mellores condicións físicamente e aumenta a cordinación. Os nenos e nenas poden pasar un rato moi divertido facendo un deporte novedoso no noso centro.

**TEATRO**: Un ano máis propoñemos esta actividade onde os nenos e nenas poden iniciarse na interpretación e no arte dramático. Os alumnos desenvolverán unha obra de teatro mentres fomentan a sua creatividade, o control corporal, e axuda a superar as inseguridades e o medo a falar en público.
Despois do éxito do ano pasado, este ano plantexamos facer dous grupos diferenciados por idade. Animádevos Teatreiros!!!!

**BRIGHT MINDS**: É unha actividade para os máis pequenos, de estimulación e desenvolvemento infantil que fomenta o gusto por aprender intuitivamente, xogando ca mente e co corpo, estimulando múltiples intelixencias para o desenvolvemento global do neno. Psicomotricidade, Inglés, Intelixencia emocional,...

**ROBÓTICA**: Despois de non estar entre as nosas actividades o ano pasado por falta de nenos, volvémolo a intentar este ano da man de Playcode. Esta actividade experimenta ca forza e o movemento, o equilibrio,… misturando de forma divertida ciencia e tecnoloxía. Potencia a creatividade, a atención, a innovación, a eficiencia, ademáis de ofrecenos unha aproximación á impresión en 3D.

**XADREZ**: é un xogo moi completo que estimula o tanto o hemisferio esquerdo como o dereito do cerebro xa que estimula tanto a estratexia lóxica e precisa, como a creatividade e a imaxinación. Sabemos que o centro conta con grandes afeccionados ao Xadrez e de seguro que con esta actividade, teremos ainda máis.

**IOGA EMOCIONA**: As emocións influen na forma de pensar e de actuar, nesta actividade búscase a autoconciencia das propias emocions e sentimentos e

traballase a autoregulación das mesmas a través do IOGA. Esta actividade será levada a cabo por María Carballo.




| LUGAR | HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Aula Tic | 16:00-17:00 | **ROBÓTICA** 18€/mes | | | | |
| Aulas ANPA | 16:00-17:00 | | **INGLÉS** 15€/mes | **INGLÉS** 15€/mes | | |
| | | 15 €/mes (1 día) e 27€/mes (2 días) | | | | |
| Pavillón e Pistas | 16:00-17:00 | | **BALONMÁN** >8 anos (gratis) | **TAEKWONDO** 12€/mes | **BAILE** Infantil 15€/mes | **BALONMÁN** > 8 anos (gratis) |
| | 17:00-18:00 | | **FÚTBOL** (gratis) | | | **XIMNASIA ACROBÁTICA** 15€/mes |
| Colexio Vello | 16:00-17:00 | | | | **BAILE** Primaria 15€/mes | **YOGA EMOCIONA** (1h 20 min) (7 a 12 anos) 25€/1 nen@ 20€/irmáns |
| Máis que Auga | 16:30-17:15 | | **NATACIÓN 44€/Cuatrim** | **NATACIÓN 44€/Cuatrim** | **NATACIÓN 44€/Cuatrim** | |
| Piscina O Carme | 15:45-16:30 | | **NATACIÓN 29,60€ Cuatrim** | | | |
| | 16:45-17:30 | | | | **NATACIÓN 29,60 Cuatrim** | |

## 24. Plan xeral de avaliación do centro

Terase en conta a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 110 Venres, 10 de xuño de 2016).

A finalidade será propicia-la reflexión e toma de decisións que permitan a mellora da calidade educativa do centro.

Para logralo, basearémonos:

a)Nas programacións didácticas.

b)Na metodoloxía docente.

c)Na avaliación do alumnado.

d)No clima escolar e de aula.

e)Nos resultados académicos.

f)Nos resultados da Avaliación Individualizada.

Ao longo do curso 2017/2018, realizaranse as seguintes xuntanzas de avaliación:

| AVALIACIÓN | DATA | ENTREGA DE BOLETÍNS |
|---|---|---|
| **AVALIACIÓN INICIAL** | **9 de OUTUBRO** | **NON SE FAI ENTREGA** |
| **1ª AVALIACIÓN** | **11 de DECEMBRO** | **18 de DECEMBRO** |
| **2ª AVALIACIÓN** | **26 de MARZO** | **2 de ABRIL** |
| **3ª AVALIACIÓN** | **11 de XUÑO** | **18 DE XUÑO** |

Do mesmo xeito, farase unha avaliación inicial de todos os nosos alumnos ao longo da primeira semana do mes de outubro, farase unha avaliación formativa e posteriormente unha avaliación final. Utilizaremos a observación directa como un recurso a ter en conta en todo este proceso.

Na avaliación, terase en conta os criterios de avaliación aprobados en claustro.

Estos criterios están expostos na secretaría do centro, na dirección e son de coñecemento por parte da comunidade educativa, polo que están tamén publicadas na web do centro.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN

| **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na AVALIACIÓN** | **VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA** | | | | | | **INSTRUMENTOS UTILIZADOS** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1.º** | **2.º** | **3.º** | **4.º** | **5.º** | **6.º** | EDUCACIÓN PRIMARIA.CN-CSS-LC-LG-MATES. |
| Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade, probas específicas, controles orais, escritos, test... | 10% | 20% | 40% | 40% | 50% | 60% | • Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre.<br>• Controis orais.<br>• Test.<br>• Rúbricas de avaliación |
| Realización do traballo na aula:<br>• Realización adecuada do traballo<br>• Organización dos materiais<br>• Presentación do caderno | 50% | 40% | 30% | 30% | 20% | 10% | • Caderno<br>• Rexistro de actividades da clase<br>• Rexistro de organización de materiais |
| Lectura de libros, hábito lector | | 5% | 5% | 5% | 5% | 5% | |
| Realización do traballo na casa:<br>Deberes e traballos específicos | 10% | 10% | 10% | 10% | 10% | 10% | • Rexistro de entrega de deberes no tempo<br>• Puntuación de corrección dos deberes |
| Valoración de actitudes na aula:<br>• Escoita<br>• Participación<br>• Esforzo<br>• Colaboración | 30% | 25% | 15% | 15% | 15% | 15% | • Rexistro de participación<br>• Rexistro de actitude na aula<br>• Rexistro da valoración dos compañeiros. |

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na AVALIACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA | | | | | | INSTRUMENTOS UTILIZADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1.º | 2.º | 3.º | 4.º | 5.º | 6.º | E.FÍSICA. |
| • PARTICIPACIÓN NA CLASE. RUTINAS DE TRABALLO | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | |
| • APTITUDE: PROBAS ESPECÍFICAS, TESTS, PROBAS ESCRITAS | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | **30%** | |
| • INDUMENTARIA E MATERIAL DE ASEO | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | |
| • ACTITUDE E COMPORTAMENTO | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | **20%** | |

<table>
<tr><th colspan="2">CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN<br>na AVALIACIÓN</th><th colspan="6">VALORACIÓN EN CADA CURSO</th><th>INSTRUMENTOS<br>UTILIZADOS</th></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>1º</th><th>2º</th><th>3º</th><th>4º</th><th>5º</th><th>6º</th><th>ED. MUSICAL</th></tr>
<tr><td colspan="2">Actitude, normas, esforzo e disfrute</td><td>30%</td><td>30%</td><td>20%</td><td>20%</td><td>15%</td><td>15%</td><td rowspan="4">- Observación sistemática<br>- Análise das produccións<br>- Probas orais, prácticas e escritas<br>- Diarios da clase<br>- Escalas de valoración.</td></tr>
<tr><td colspan="2">Participación e traballo diario (inclúe deberes e aportación materiais, traballos investigación... )</td><td>35%</td><td>30%</td><td>30%</td><td>30%</td><td>25%</td><td>25%</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Probas configuradas como síntese dos contidos mais significativos traballados</td><td>Práctica e interpretativa ( técnica instrumental danzas, voz,.. .</td><td>25%</td><td>20%</td><td>25%</td><td>25%</td><td>30%</td><td>30%</td></tr>
<tr><td>Controles escritos</td><td>10%</td><td>20%</td><td>25%</td><td>25%</td><td>30%</td><td>30%</td></tr>
</table>

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na AVALIACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA | | | | | | INSTRUMENTOS UTILIZADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1.º | 2.º | 3.º | 4.º | 5.º | 6.º | E.PLÁSTICA |
| ✓ PARTICIPACIÓN ACTIVA NA CLASE.<br>✓ ORDE E LIMPEZA. | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | • Lóxica no proceso de aprendizaxe e traballo<br>• Creatividade<br>• Corrección na expresión das súas producións<br>• Capacidade de traballo<br>• Traballo en equipa<br>• Evolución ao longo do curso |
| ✓ TRABALLO REALIZADO | 30% | 30% | 30% | 30% | 30% | 30% | |
| ✓ HÁBITOS DE TRABALLO. | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | |
| ✓ INDUMENTARIA | 10% | 10% | 10% | 10% | 10% | 10% | |
| ✓ ACTITUDE E COMPORTAMENTO | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | 20% | • Correcta linguaxe hacia os compañeiros e mestre<br>• Coidado do material común |

Para a avaliación das actividades, tanto para os traballos realizados na escola coma para os realizados na casa, utilizaranse uns criterios de avaliación nos que se terá en conta aspectos como a consecución e compresión dos contidos, a técnica empregada, a limpeza no traballo, a creatividade e o interese. O seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe, cualificarase de forma continua.

Para establecer a cualificación definitiva da área de EXPRESIÓN ARTÍSTICA, esta calcularase a partir das notas de música e plástica.

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na AVALIACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA | | | | | | INSTRUMENTOS UTILIZADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1.º** | **2.º** | **3.º** | **4.º** | **5.º** | **6.º** | LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS. |
| • PARTICIPACIÓN ACTIVA NA CLASE.<br>• TAREFAS FEITAS NA CLASE, PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA, PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES. | 40% | 40% | 20% | 20% | 20% | 20% | • Activity Book.<br>• Rexistro de actividades da clase |
| • ACEPTACIÓN DAS NORMAS. ACTITUDE E COMPORTAMENTO.<br>• ACTITUDE CARA OS COMPAÑEIROS, CARA A LINGUA E A CULTURA INGLESA. | 40% | 40% | 20% | 20% | 20% | 20% | • Rexistro de participación e da actitude na aula |
| • VALORACIÓN DOS CONTIDOS E COMPETENCIAS ADQUIRIDAS OU DESENVOLVIDAS NA UNIDADE | 20% | 20% | 50% | 50% | 50% | 50% | • Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade.<br>• Controis orais. |
| • REALIZACIÓN DO TRABALLO NA CASA: DEBERES E TRABALLOS ESPECÍFICOS | | | 10% | 10% | 10% | 10% | • Rexistro da entrega de deberes a tempo<br>• Puntuación da corrección dos deberes |

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na AVALIACIÓN | VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA | | | | | | INSTRUMENTOS UTILIZADOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1.º | 2.º | 3.º | 4.º | 5.º | 6.º | RELIXIÓN CATÓLICA |
| ✓ PARTICIPACIÓN ACTIVA NA CLASE.<br><br>TAREFAS FEITAS NA CLASE, PRODUCIÓN ORAL E ESCRITA, PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES. | 25% | 25% | 25% | 25% | 25% | 25% | |
| ✓ ACEPTACIÓN DAS NORMAS. ACTITUDE E COMPORTAMENTO.<br><br>✓ ACTITUDE CARA OS COMPAÑEIROS E A RELIXIÓN. | 25% | 25% | 25% | 25% | 25% | 25% | |
| ✓ PROBAS ESPECÍFICAS, CONTROIS ESCRITOS, ORAIS, TEST | 50% | 50% | 50% | 50% | 50% | 50% | |

A debater está o tema da valoración das medidas a desenvolver co alumnado con asignaturas pendentes de cursos anteriores. A maior parte das áreas serán recuperables aprobando a asignatura do curso seguinte, para o que sen dúbida fará falta moito apoio por parte do profesorado. En algúns casos será mester que a familia se implique para a compensación do desfase curricular. Os mestres enviarán tarefa adicional que reforce a súa aprendizaxe e lle permita acadar uns optimos resultados. Buscase que o alumno sexa competente en tódalas áreas de aprendizaxe

# CADRO RESUMO CRITERIOS PARA PROMOCIÓN

| AO REMATAR.. | SITUACIÓN | DECISIÓN | MEDIDAS |
|---|---|---|---|
| - **Se pasa con materias suspensas hai que elaborar un plan de recuperación.**<br>- **Se supera a materia suspensa no curso seguinte , considérase recuperada a anterior.** | | | |
| **1º** | Todo aprobado | Promociona | |
| **1º** | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| **1º** | Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia | Promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| **1º** | Suspende calquera lingua + matemáticas | Non promociona<br>Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación |
| **1º** | Suspende 3 materias | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| **2º** | Todo aprobado | Promociona | |
| **2º** | Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso | Promociona | Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación |
| **2º** | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| **2º** | Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia | Promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| **2º** | Suspende calquera lingua + matemáticas e aínda non repetiu ningún curso | Non promociona<br>Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia.( con informe) | Elaborar un plan de recuperación |
| **2º** | Suspende 3 materias | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3º | Todo aprobado | Promociona | |
| 3º | Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso | Promociona | Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. |
| 3º | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Elaborar un plan de recuperación |
| 3º | Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia | Promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 3º | Suspende calquera lingua e matemáticas e non repetiu en ningún curso | Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia.( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| 3º | Suspende 3 materias e aínda non repetiu en ningún curso | Non Promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| 3º | Suspende 3 materias, avaliación final individualizada negativa e non repetiu en ningún curso | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 4º | Todo aprobado | Promociona | |
| 4º | Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso | Promociona | Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. |
| 4º | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 4º | Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia | Promociona | Elaborar un plan de recuperación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4º | Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu | Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| 4º | Suspende 3 materias e non repetiu en ningún curso | Non Promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| 5º | Todo aprobado | Promociona | |
| 5º | Ten materias suspensas pero xa flexibilizou | Promociona | Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. |
| 5º | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 5º | Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia | Promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 5º | Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación. |
| 5º | Suspende 3 materias e non repetiu en ningún curso | Non Promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| 6º | Todo aprobado | Promociona | |
| 6º | Ten materias suspensas pero xa repetiu | Promociona | Informar ao Departamento de Orientación do IES. |
| 6º | Suspende calquera lingua ou matemáticas | Promociona | Informar ao Departamento de Orientación do IES. |
| 6º | Suspende calquera lingua ou Matemáticas e outra materia | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **6º** | Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu | Non promociona<br>Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Elaborar un plan de recuperación. |
| **6º** | Suspende 3 materias | Non promociona.<br>Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. ( con informe) | Se promociona, informar ao Departamento de Orientación do IES. |
| **6º** | Suspende 3 materias, avaliación final individualizada, negativa e non repetiu | Non promociona | Elaborar un plan de recuperación. |

Polo tanto, a promoción do alumnado dun curso a outro ou dunha etapa á seguinte, supón un conxunto de decisións adoptadas a partir do proceso de avaliación, tendo en conta os criterios de cualificación e promoción. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será

continua e global, e

terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

O alumno ou a alumna accedera ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Normativa de referencia:Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria (DOG Nº110 do 10 de xuño de 2016)

DILIXENCIA:

Para facer constar que estes Criterios para a Promoción do alumnado do CEIP VIRXE DO ROCÍO de Vigo, foron aprobados, por unanimidade, segundo consta na Acta da sesión ordinaria do Consello Escolar, o día 31 de maio de 2016, e quedarán novamente aprobados na aprobación da presente PXA.




* Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia

## GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA.

A Consellería aínda non enviou os resultados da proba de nivel realizada ao alumnado do terceiro curso de educación primaria a finais do curso 2017/2018. Os resultados non serán significativos, pois o alumnado que realizou a proba non chegou nin ao 50%. Porén é importante destacar que probablemente en todos e cada un dos casos os resultados da proba serán coincidentes coa avaliación levada a cabo na escola.

## Outros aspectos que se inclúen:

***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.**

# 25. Programas e plans anuais de lectura (tendo como referente o proxecto lector do centro, terase en conta as Instruccións do 1 de setembro de 2015 da Dirección Xeral de Centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2018/2019).

**PLAN LECTOR. CURSO 2018-19**

## Experiencia a conCIENCIA

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS NA BIBLIOTECA ESCOLAR

Por este camiño irá o novo curso. O desexo de saber dos nen@s pequenos é moi profundo. Preguntan incansablemente e son cuestións que entroncan coas búsquedas mais fundamentais da humanidade. A mágoa é que pouco a pouco deixamos esas preguntas de lado pois os adultos consideramos , no fondo, que a investigación é un quefacer complexo reservado para as mentes científicas privilexiadas. A gran maioría acabamos conformándonos coa información , xa elaborada, que nos chega por diferentes medios e que aceptamos como boa. Malia todo, os nen@s, teñen o espíritu de investigación intacto e nós imos pelexar por conservalo , por manter aberta esa curiosidade , ensinándolles a propoñerar as preguntas correctas no camiño da ciencia.

O pensamento científico debe exercitarse con sistematización, rigor e constancia que permiten verificar ou refutar as hipóteses iniciais nos experimentos e fuxir de conclusións máxicas e erróneas.

Traballando nesa dirección iremos as tres partes imprescindibles: o profesorado case todo definitivo , as familias e os nenos

## 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

En liñas xerais, seguiremos con actuacións sempre obrigadas ademais de outras puntuais:

- ✓ Entrega de **carnés**, **pasaportes** lectores e **guía de uso** da biblioteca aos novos membros.
- ✓ Facer o traballo no Meiga habitual de todos os anos: Dar de **baixa** o material destinado ao expurgo, Continuar coa c**atalogación** en Meiga dos recursos, completar os **descritores** no catálogo para facilitar as buscas, revisar a presenza dos descritores nos **dous idiomas**: galego e castelán, revisar a presenza no Meiga da nota informativa nos libros escritos en **inglés** compartido con algún dos outros dous idiomas oficiais.
- ✓ Seguir no esforzo en **equilibrar** os fondos: recursos multimedia e informáticos, ademais de fondos de información en galego
- ✓ Adquirir **fondos** atraentes para os **adultos** de cara a un maior uso destes.
- ✓ Ampliar os fondos para alumnado, de NEAE buscando unha biblioteca inclusiva.
- ✓ Renovar e/ou ampliar os postos de ordenadores.
- ✓ Adaptar un espazo estable común para o ESPAZO FEDELLEIRO, un lugar de creación, experimentación de pequenos proxectos tecnolóxicos baseados nalgún fundamento científico e relacionados co currículo dos distintos niveis, aínda que todas as aulas van ter moito del.
- ✓ Adquirir dous e-books para introducir a **lectura sobre outros soportes** cara a unha maior **igualdade de oportunidades.**
- ✓ Seleccionar e mercar os **materiais** que faciliten o traballo do Plan anual: pezas lego, escornabots ou similar, mesas de luz, material xogos matemáticos, lanternas, e diverso material para os experimentos …
- ✓ Seguir co programa de **reunións das persoas implicadas na biblioteca** cun mínimo dunha reunión mensual de todo o Equipo de biblioteca, unha hora semanal de traballo técnico conxunto das persoas responsables que teñen asignado tempo no seu horario e tamén unha reunión ao mes da encargada da Biblioteca co Equipo de colaboradores asignando funcións concretas ás persoas.
- ✓ Elaborar o **Horario de usuarios** dos diferentes cursos e o destinado ao **traballo técnico** na biblioteca , tendo en conta os horarios de uso da **aula Tic**, pois son dúas aulas que están en contacto e polo tanto poden sumar os seus recursos, enriquecéndose mutuamente.
- ✓ Seguir co horario de apertura en todos os **recreos** e polas **tardes** de 4 a 6. Contamos coa colaboración dalgunhas familias para poder abrir os martes de catro a seis.

- ✓ Establecer **un calendario** con datas concretas para o **Mes do Cine** que procuraremos sexa durante o inverno , a **Semana de Ciencia , o día dos Monologuista Influencers , o Día Familiar da Ciencia , a semana de detectives …**
- ✓ **Xestionar a visita ao colexio de homes e mulleres científicos : oceanográfico,**
- ✓ **Xestionar a visita do alumnado a Museos científicos: Coruña, Universidade, Naturnova, CSIC DE Bouzas, Seragua …**
- ✓ Preparar **o itinerario lector**
- ✓ Elixir dous libros de lectura colectiva para cada curso de primaria (un en galego e outro en castelán), procurando que teñan relación co tema anual ou que os seus autores poidan visitar o centro para unha animación lectora.
- ✓ Controlar o horario dos **contacontos** polas tardes ou nas horas de ler por parte das familias **Contos na Lareira**
- ✓ Organizar o sistema de **quendas** entre os alumnos axudantes da biblioteca e usuarios do comedor para ter control do Recuncho Comelibros do **comedor** e renovar parte destes fondos.
- ✓ Distribución **de tarefas concretas** entre as persoas do equipo BibliotecaTic en función ao tempo dispoñible, "moitos poucos fan un moito", facilitando tamén un maior enriquecemento do blogue con recursos para profesorado e familias.

2 . DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NO ALUMNADO. .

- ✓ Tendo en conta o sistema de traballo cooperativo no que a escola se está introducindo, que leva cada vez máis ao sistema de traballo por proxectos a biblioteca achegará **recursos** versión papel, dixital ou multimedia e **suxestións** de actividades para a elaboración dos diversos **Proxectos Documentais** que se farán durante o curso , para os diferentes niveis do colexio, encamiñados ao desenvolvemento das **competencias** básicas do alumnado. Aquí terase en conta tanto a busca da información, como o procesado e a presentación dos traballos, cara ao achegamento aos distintos soportes documentais sexan papel, dixitais ou multimedia.

Con respecto ao PDI do Plan Anual a biblioteca colaborará na súa **integración no currículo;** dentro dun campo tan amplo todas as materias van estar implicadas**, así: a Ed musical**: experimentará coa acústica; a **Ed.Plástica:** coas cores e mesturas, pigmentos… **Ed Física**: coas forzas e movementos , as **Socia**is: co estudio da historia e evolución da ciencia , mais a biografía dos científicos e científicas representativos de cada un dos campos nos que imos experimentar; as **Matemáticas aplicada**s como ferramenta (medidas, proporcións,calculos… )así como as **linguas** imprescindibles na expresión e comunicación das experiencia , **Inglés:** Vocabulario científico básico: as **Tic** utilizando os diversos formatos para presentar un proxecto , e ,sobre todo, as **Naturais** coa aplicación

do método científico básico: observación, preguntas, hipóteses, experimentación, conclusións. Os temas que traballaremos por cursos son os seguintes: **4º EI: A cor; 5º EI: A maxia do vinagre; 6º EI: A meteoroloxía; 1º: Aireámonos; 2º: Descobre a auga; 3º A luz; 4º: A maxia do magnetismo; 5º Electricidade e 6º: Os cambios na materia**. Poremos aos nen@s en situacións que lles leve a facerse a PREGUNTA e a partir de aí … a buscar respostas. De paso coñeceremos as figuras destacadas dentro de cada rama …

- ✓ **Picolindo Investiga**: actividades e xogos varios de busca **de información** e i**nvestigación** que se desenvolverán ao longo do curso ao redor destes temas e/ou de datas puntuais: no Samaín sobre personaxes de medo tradicionais, no Dia da ciencia sobre científicos e os seus descubrimentos…. que son voluntarios e lles serven para conseguir "Pikeuros" de cara ao Mercadiño de libros de ocasión de fin de curso

- ✓ Estimular a **participación** de toda a **comunidade** nos foros e **blogues**. Por iso, colgaremos do blogue de Picolindo a versión dixital dos **Enigmas** semanais e sempre que se poda tamén dos Picolindo Investiga de xeito que, así, tamén poderán participar dende a casa aqueles que viven lonxe

- ✓ *Seguir co **Arcón das Novidades** percorrendo as aulas .*

- ✓ Continuar co Pinterest no Blogue e Picolindo coas novas adquisicións da biblioteca reseñables

- ✓ Colaboración na achega de materiais e recursos ao profesorado da **aula Proa.**

- ✓ Completar a wiki **en Simbaloo cos recursos científicos on line**, e enlazala ao **blogue**.

- ✓ Promover o"**CD da semana**", nos recunchos Escóitanos asignándollo a un grupo de colaboradores .

- ✓ Manter ao dia os carteis de **NOVAS**, distribuídos polo colexio no que se informa das diversas actuacións ao longo do curso: semana do cine, monicreques de paz, Rosalía de Castro musicada, Picolimpíadas...

- ✓ Elaboración de **publicacións d**e divulgación dirixidas a nenos/as , familias e mestres : guía de uso da biblioteca actualizada, actualización do boletín sobre os novos materiais multimedia, o calendario elaborado co tema anual, a revista dixital, guía de libros, guía de enlaces web, libro de experimentos en papel e vídeo …

- ✓ **A palabra do Día** : cada día unha nova palabra do **vocabulario do PDI**, que todo o profesorado leva á súa aula.

## 3.FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN.

- ✓ Realizar **reunións explicativas** sobre a organización da biblioteca ao principio de curso tanto para as familias como para o profesorado.

- ✓ Explicación do profesorado ás familias na 1ª reunión do curso o **modo de enviar ao colexio vídeos ou fotos realizados na casa** co móbil.

- ✓ Continuar coa **formación de usuarios** do alumnado mediante a aplicación das **unidades didácticas** para este fin elaboradas para todos os niveis de EI.e EP.
- ✓ Ampliar a **formación do profesorado** con respecto ás estratexias de educación documental mediante achega de documentos informativos e mediante reunións para establecer criterios común e actualización nas estratexias de busca de información , procesado e elaboración do coñecemento, técnicas de traballo cooperativo , de aprendizaxe entre iguais ...
- ✓ As **Olimpíadas do Saber**, nas que agrupados en equipos mixtos clasificaranse tras superar determinadas probas relacionadas co mundo da ciencia e rematará co enfrontamento no Pasapalabra dos dous equipos con mellores resultados por categoría. Isto desenvolverase no mes de xuño de xeito que podan demostrar os coñecementos recollidos durante o curso.
- ✓ Realizar **entradas na Galipedia** de conceptos do noso PDI que aínda non están alí presentes.
- ✓ Colaborar coa ANPA no esforzo de realizar **cursos básicos de tics para as familias** na nosa aula polas tardes.
- ✓ Realización de visitas á **Biblioteca Municipa**l.
- ✓ Colgar do blogue recursos de **CIENCIA NA CASA** para ás familias que queiran tamén experimentar.

4.FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR:

- ✓ As **Mochilas Viaxeiras** en tódolos cursos (2 en cada aula) e durante 8 días. Neste curso unha delas será a Mochila científica e levará material manipulable para experimentar na aula.
- ✓ As **Carpetas para Viaxar** os libros á casa en Ed. Infantil e 1º ciclo.
- ✓ A **Hora de Ler**: 20 minutos de lectura voluntaria á volta do recreo TOD@S
- ✓ O **Pasaporte de Lectura** que reforza o movemento dos empréstitos e serve de recordatorio dos libros lidos.
- ✓ As **Bolsas Lectoras**: con contidos da biblioteca, para aqueles lectores que teñen interese en seguir a ler durante o **verán** e non teñen fácil acceso a unha biblioteca pública.
- ✓ A **Ciencia na Prensa** : recuncho no que se recollerán novas relativas á ciencia aportados polo alumnado que servirán para ir cubrindo o **Pasaporte Científico:** cartilla na que cada alumn@ irá rexistrando as súas aportacións á ciencia na nosa escola.
- ✓ **Renovar** a biblioteca de **autoempréstitos** entre adultos “Non podes pasar de lelo”.
- ✓ Formación dun **Club Lector** de 2º e ou 3º ciclo.

- ✓ Animar a creación dun **Club Lector de Adultos.**
- ✓ Seguir co **Pasaporte de Lecturas do grupo clase** para controlar que se leve á practica un **itinerario lector** amplo e negociado cos "imprescindibles" que vai avanzando
- ✓ Actividades de **animación lectora** xa estables tales como: visita do autor ou ilustrador, agasalla poesía, maratón de poesías, o Kamishibai, , conta adiviñas monstruosas, creación e recitado de "esconxuros e meigallos", teatro, autocolantes a cambio de novas do xornal relativas ao tema que imos investigar, contiños na árbore de Nadal, padriños e madriñas lectores, os xoves contacontos, certames literarios, elaboración do Libro Estrela, teatriños de monicreques realizados por eles para representar a outros cursos, gravación de lecturas teatralizadas, sombras chinesas …
- ✓ Seguir dentro do blogue de Picolindo co **Recuncho dos Booktubers**, nos que o alumnado, profesores ou pais e nais gravan comentarios e recomendacións lectoras, producíndose así unha interacción entre **o dixital e o visual**. Domina a imaxe pero fala de letras e lectura, novas tecnoloxías e literatura combinadas.

## 5. OUTRAS ACTUACIÓNS

- ✓ Celebración 10 Novembro Dia Mundial da Ciencia para a paz e o **desenvolvemento sostible**
- ✓ Celebración 11 de febreiro dia da **muller e a nena na ciencia** .
- ✓ Elaboración de anuncios publicitarios e **chapa** para o **Día do Libro**
- ✓ Invitación ás **familias "científicas"** que veñan contarnos a súa experiencia ou a realizar co alumnado algún obradoiro.
- ✓ Día dos **Avós** e das **Avoas ,** tras o gran éxito do curso pasado acordamos deixar un día fixo ao ano**.**
- ✓ **Semana de detectives :** polos barrios de Bouzas e Navia anacos dun caso policiaco por resolver…
- ✓ Retomar o campionato no colexio do **deporte do Xadrez.**
- ✓ **A xornada familiar da ciencia :** moitas mesas, moitos experimentos **e as familias gozando y participando deles.**
- ✓ Recompilación de refráns, cantos e lendas tradicionais cantados e/ou contados para a elaboración de **contos colectivos** a través das **novas tecnoloxías**.
- ✓ **Xornadas dos Expertos**: cada curso exporá ao resto do colexio o resultado das súas investigacións sobre o aspecto científico do que é experto…
- ✓ Exposicións temporais en **datas sinaladas**: Día da Poesía, Letras Galegas, Día dos Dereitos Humanos, Día da Muller Traballadora, Día da Paz, Samaín (medo) , Semana da Prensa, Día da Internet, San Valentín,...

- ✓ **Mercadiño do Libro Usado e de Ocasión** na Semana de Libro en Abril.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Seguiremos as pautas do material aportado por M. Baró e T. Mañá para a **autoavaliación das Bives**. Utilizaremos as **estatísticas que nos proporciona o Meiga** para valorar os intereses dos usuarios por idades e sexo con respecto aos fondos e volveremos a utilizar o instrumento das **enquisas (Google**) ao **profesorado**, **familias e alumnado** para valorar outros aspectos de funcionamento e de dinámica en xeral. Para facilitar unha maior participación dos pais/nais, vai estar dispoñible con mais tempo de antelación, de xeito que podan cubrilas na aula tic do colexio o martes, día de reunión de profes coas familias.

# 26. Plan de integración das TIC

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

<u>As TICs na LOMCE</u>

- ✓ Se ben é certo que existen múltiples motivos que xustifican a inclusión das novas tecnoloxías no marco educativo das escolas, dende o punto de vista formal e pedagóxico o principal deles sería a súa inclusión no marco legal da nova la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa, mais coñecida como LOMCE, publicada o 10 de decembro do 2013 no BOE e que modifica a LOE. Queda establecido no seu artigo 18 que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación se traballarán de maneira transversal en todas as áreas (materias) de Primaria. Precisamente no Preámbulo da Lei podemos ler cómo un dos principios é precisamente a incorporación das tecnoloxías como medio para o cambio metodolóxico que esixen a nosa sociedade e o novo perfil de alumno/a.
- ✓ Segundo a LOMCE un dos obxectivos da Educación Primaria é "Iniciarse en la utilización, para el aprendizaje, de las tecnologías de la información y la comunicación desarrollando un espíritu crítico ante los mensajes que reciben y elaboran".

## 2.- A EDUCACIÓN E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

- ✓ Por qué as TICs na educación?

- ✓ A revolución tecnolóxica nos últimos anos afectou o desenvolvementos das técnicas de exposición. Agora é posible incorporar o noso sistema tradicional e conservador técnicas e recursos que fan posible o exercicio da docencia dun modo que motive ós alumn@s sen necesidade de perder rigor formal.
- ✓ As novas tecnoloxías da información e da comunicación revolucionaron as formas de presentar material didáctico e na actualidade, asistimos a unha revolución comparable a da incorporación do reproductor de vídeo VHS na docencia.
- ✓ Todos os cambios tecnolóxicos, sociais e económicos afectan o sistema educativo que atenderá a formación de novos cidadás e a incorporación das novas tecnoloxías coa perspectiva de favorecer os aprendizaxes e facilitar os medios que sustenten o desenvolvemento dos coñecementos e das competencias necesarias para inserción social e profesional.
- ✓ As novas tecnoloxías dan acceso a unha gran cantidade de información, que non debe confundirse có saber. Para que a información convértase en coñecemento ó individuo debe apropiásea e construír o seu propio coñecemento (constructivismo).
- ✓ As tecnoloxías da información e da comunicación incorporáronse no proceso educativo dende fai uns anos. Nestes, demostrouse que:
- ✓ Suscitan a colaboración dos alumn@s
- ✓ Axudan a centrar os aprendizaxes
- ✓ Melloran a motivación e o interese
- ✓ Favorecen o espírito de búsqueda
- ✓ Promoven a integración
- ✓ Estimulan o desenvolvemento de certas habilidades intelectuais tales como
- ✓ O razoamento
- ✓ A resolución de problemas
- ✓ A creatividade
- ✓ A capacidade de aprender a aprender
- ✓ É normal considerar as novas tecnoloxías como obxecto de aprendizaxe en si mesmas pero onde encontran o seu verdadeiro sitio na ensinanza é como apoio e guía no proceso de ensino - aprendizaxe.

- ✓ Nunha sociedade na que a información ocupa un lugar tan importante é preciso cambiar a pedagoxía e considerar a integración das tecnoloxías como estratexias de aprendizaxe.

- ✓ A competencia dixital
- ✓ No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas, sendo a cuarta: Tratamento da información e competencia dixital.
- ✓ Estas, incorporadas na lei Orgánica LOE, na definición de currículo: "Conjunto de objetivos, competencias básicas, contenidos, métodos pedagógicos y criterios de evaluación de cada una de las enseñanzas reguladas en la presente ley" así como no art. 5 "Corresponde a las Administraciones públicas promover ofertas de aprendizaje flexibles que permitan la adquisición de competencias básicas"
- ✓ Actualmente, (Competencias clave) podemos atopala dentro da nova lei LOMCE, como Competencia dixital e xunto coa competencia matemática nomeada como (CMCT) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- ✓ A Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía consiste en desenvolver destrezas relacionadas coa iniciativa científica, o desenvolvemento do espírito de investigación e o uso dos números como linguaxe en diferentes soportes.
- ✓ A competencia dixital consiste en incorporar o dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.
- ✓ Este plan TIC estruturase para facilitar ao alumnado o desenvolvemento da COMPETENCIA DIXITAL.

## 3.- AS TICS NO NOSO CENTRO

Fai uns anos, o alumnado do centro tiña escaso contacto coas novas tecnoloxías debido principalmente a un mal aproveitamento dos recursos gratuítos, a falta de formación para o seu uso e as reducidas posibilidades económicas dos grupos familiares.

Levamos dende o ano 2009 coa implantación dun PLAN TIC no noso centro que trata de motivar e concienciar a comunidade educativa da necesidade de dotar ao alumnado dunha competencia dixital necesaria para o seu futuro. Ademais, somos centro ABALAR dende o ano 2012 polo que oa noso alumnado conta cunha dotación tecnolóxica que facilitou o cambio metodolóxico e integrou as tecnoloxías na vida diaria dos nenos/as. Por último, nestes momentos é mais doado acceder as novas tecnoloxías e case todas as familias contan con acceso a rede e un ordenador na casa.

A revolución tecnolóxica non se pode negar. Temos que adaptarnos e integrar un proxecto que axude ao alumnado a súa comprensión e utilización.

Os recursos informáticos e tecnolóxicos

Os diversos recursos informáticos e audiovisuais do centro distribúense da seguinte maneira:

AULA TIC: Este espazo conta cun material obsoleto e anticuado que dificulta o desenvolvemento das clases. Contamos con 15 ordenadores con acceso a rede pero a realidade é que poucas veces están operativos mais da metade. Contamos cunha cámara de vídeo e unha cámara fotográfica para o uso do alumnado.

AULA ABALAR: Contamos con dous aulas ABALAR completas con EDI, ordenador de mestre, ultraportátiles para cada alumno/a e conexión wifi. Contamos cunha cámara de vídeo e unha cámara fotográfica para o uso do alumnado.

AULAS PRIMARIA: Todas as aulas do centro contan con unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede e EDI. Aínda que igual que na aula TIC, o deterioro dos ordenadores impide un uso óptimo.

AULAS INFANTIL: Todas as aulas de infantil contan con unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede e EDI. Contamos cunha cámara fotográfica para o uso do alumnado.

AULA DE INGLÉS:  Ten unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede e EDI.

AULA DE MÚSICA: Ten unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede e proxector con pantalla.

AULA PT e AL: Ten unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede.

AULA DE BIBLIOTECA: Ten unha equipación tecnolóxica dotada de un ordenador, conexión a rede e proxector con pantalla. Ademais conta con tres ordenadores con conexión a rede para o uso do alumnado.

NORMAS DE UTILIZACIÓN DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS DURANTE OS TEMPOS DE LECER

1. O responsable dos equipos da biblioteca será o profesor ou profesora encargado da biblioteca.
2. Os ordenadores da biblioteca están destinados única e exclusivamente á busca de información con fins educativos e á realización de actividades académicas.
3. O/A alumno/a deberá comprobar o estado do equipo ao comezar a sesión e se atopase algunha anomalía, deberá comunicala ao profesor ou profesora encargado da biblioteca, quen encherá o parte de incidencias correspondente.
4. En caso de incidencia no transcurso da sesión de traballo, deberá comunicarse inmediatamente ao profesor encargado da biblioteca, quen encherá o parte de incidencias correspondente.
5. Non está permitido realizar cambios na configuración dos equipos nin instalar software.
6. O alumno/a será o responsable dos danos acontecidos nos equipos informáticos debidos a un uso indebido.
7. O profesorado encargado de biblioteca responsabilizarase do correcto apagado dos equipos informáticos ao finalizar o recreo.

EQUIPOS DE TRABALLO: O profesorado do centro conta con dous ordenadores en mal estado para o desenvolvemento do seu traballo informático. Ademais dos equipos do equipo directivo, un ordenador para cada cargo.

O grupo TIC: Estructura Organizativa

Para a elaboración deste Plan e a posterior incorporación progresiva das novas tecnoloxías no currículo todos os docentes deben implicarse entendendo o cambio metodolóxico necesario e a utilización destas para o desenvolvemento de diversas actividades.

***<u>Todo o claustro de mestres formarán parte de este grupo</u>***

Por outra banda, creemos que ademais da súa integración no currículo e na vida diaria dos nenos/as é necesario dotar ao alumnado duns coñecementos técnicos sobre o uso das ferramentas tecnolóxicas. Por iso, ademais da súa inclusión na aula, todo o alumando da escola, contará cunha hora semanal para desenvolver estes obxectivos e acadar unha competencia dixital. Estes obxectivos desenvolveranse a través de actividades en torno o TEMA ANUAL escollido para o PLAN DE BIBLIOTECAS ESCOLARES xa que consideramos que a biblioteca e aula TIC son a mesma unidade traballando de forma conxunta.

Para garantir o funcionamento do plan e coordinar as tarefas de desenvolvemento é preciso que exista no centro unha persoa encargada da coordinación sobre a cal recae a xestión das Tics no centro. Así mesmo as competencias d@ coordinador@ son:
Organizar e xestionar os medios e recursos dos que dispón o centro e mantelos operativos e actualizados dando aviso os técnicos cando así o requira.
Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos materiais da Sala de Informática velando polo cumprimento das normas do seu uso.
Apoiar o profesorado na integración das tecnoloxías informáticas no currículo impulsando a súa promoción.
Dinamizar e impulsar no centro calquera iniciativa ou proxecto en relación as Tics tanto no profesorado como no alumnado.
Promover o uso dos blogues do centro.
Manter actualizada a páxina web do colexio xunto co equipo directivo.

## 4.- OBXECTIVOS XERAIS A DESENVOLVER

### OBXECTIVOS DO CENTRO EDUCATIVO

- ✓ Adecuar aos novos tempos as nosas debilitadas infraestructuras tecnolóxicas.
- ✓ Relacionar os aprendizaxes xunto cos da Biblioteca entendendo ambas como principais fontes de información e xestoras de recursos.
- ✓ Favorecer a utilización de documentos dixitais nas tarefas docentes: programacións, memorias, plans, actividades...cara un compromiso coa integración das novas tecnoloxías e a promoción de resolución de actividades potenciadoras dunha mellora do ambiente e un uso sensible dos recursos naturais.
- ✓ Manter actualizada a web da escola

### OBXECTIVOS DO PROFESORADO

- ✓ Utilizar as Tics co fin de mellorar a práctica docente
- ✓ Uso dos recursos informáticos para o traballo cotiá
- ✓ Aprender o uso e manexo de diferentes aplicacións informáticas e mellorar no coñecemento das novas tecnoloxías
- ✓ Promover o uso das Tics entre o seu alumnado

### OBXECTIVOS DO ALUMNADO

- ✓ Valorar o uso das novas tecnoloxías para a aprendizaxe
- ✓ Facer un uso responsable na búsqueda e utilización da información obtida na rede desenvolvendo a competencia dixital que se precisa
- ✓ Colaborar na realización de proxectos para a integración das Tics promocionando o seu uso no ensino
- ✓ Utilizar recursos informáticos fora do horario lectivo

### OBXECTIVOS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

- ✓ Utilizar os recursos informáticos dispoñibles velando polo seu bo mantemento.

- ✓ Valorar a incorporación das Tics no currículo educativo como unha proposta cara a calidade do ensino
- ✓ Propoñer actividades de formación para as familias xestionadas pola ANPA.

## 5.- A INTEGRACIÓN DAS TICS NA EDUCACIÓN

A integración das Tics no currículo desenvolverase a través de tres liñas de actuación:

### a.- O RECUNCHO DO SABIO NAS AULAS

Cada aula dispón do material informático preciso para traballar o currículo mediante xogos educativos, acceso a aula virtual e a rede para a busca de información. Así, o titor@ será encargado de desenvolver esta tarefa incorporando tempos para estas tarefas.
Ademáis, temos seis tablets a disposición das aulas nun recuncho especial para poder traballar cooperativamente na aprendizaxe.

### b.- A AULA TIC

Unha hora a semana cada grupo ( a excepción dos grupos Abalar) disporán do aula TIC no que desenvolveranse contidos fixados nunha proposta curricular que pretende dotar o alumnado de coñecementos informáticos e desenvolver a súa competencia dixital.
A continuación detallamos os obxectivos xerais a acadar:

**EDUCACIÓN INFANTIL**

INICIACIÓN NO USO DOS RECURSOS INFORMÁTICOS

1. Manexar e coñecer o uso do ordenador e outros dispositivos complementarios.
2. Manexo do rato e do teclado
3. Coñecemento das partes dun ordenador
4. Acender e apagar o ordenador correctamente
5. Uso de programas educativos sinxelos

6. Velar polo uso e mantemento dos recursos informáticos cumprindo as normas do aula.
7. Utilizar outros dispositivos complementarios ó ordenador como o escáner, a impresora, a cámara de fotos... desenvolvendo a súa capacidade creativa
8. Coñecer a utilidade do correo electrónico e iniciarse no desenvolvemento de habilidades para un uso autónomo e responsable do mesmo.
9. Aprender o manexo do EDI
10. Acceder os blogues educativos do centro

## **1º PRIMARIA e 2º PRIMARIA**

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E ACCESO A WEB

1. Utilizar procesadores de textos sinxelos
2. Utilizar programas de debuxos sinxelos como o Paint
3. Usar a cámara fotográfica.
4. Manexar de maneira sinxela un programa de retoque fotográfico
5. Crear carpetas personalizadas e mantelas actualizadas cos traballos desenvoltos.
6. Buscar información a través da web

## **3º PRIMARIA e 4º PRIMARIA**

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E ACCESO A WEB

1. Utilizar procesadores de textos sinxelos e realizar documentos con imaxe integrada
2. Utilizar programas de debuxos sinxelos como o Paint
3. Usar a cámara fotográfica.
4. Manexar un programa de retoque fotográfico con modificación de tamaño de imaxe e realización de recortes e efectos
5. Crear carpetas personalizadas e mantelas actualizadas cos traballos desenvoltos. Utilizar outros dispositivos de almacenamento como a memoria USB o CD-ROM
6. Buscar información a través da web o webques.

**C.- A AULA ABALAR**

**5º PRIMARIA (ABALAR)**

1. Usar o correo electrónico con arquivos adxuntos
2. Agregar contactos e modificar o aspecto o e-correo
3. Crear carpetas personalizadas e mantelas actualizadas cos traballos desenvoltos. Utilizar outros dispositivos de almacenamento como a memoria USB o CD-ROM
4. Participar en chats seguindo normas básicas de funcionamento
5. Coñecer GOOGLE DRIVE como unha ferramenta para compartir información
6. Elaborar documentos, presentacións, debuxos e cuestionarios en GOOGLE DRIVE
7. Usar a cámara fotográfica. Descargar e almacenar fotografías nun ordenador.
8. Facer presentación de imaxes de forma creativa
9. Usar programas online como: kizoa, preezi, glooster..
10. Buscar información a través da web e contrastala valorando as fontes seguras e fiables.
11. Coñecer e utilizar as posibilidades do ordenador para resolver tarefas da vida cotiá e desenvolver a súa capacidade creativa

**6º PRIMARIA (ABALAR)**

1. Usar o correo electrónico con arquivos adxuntos
2. Agregar contactos e modificar o aspecto o e-correo
3. Crear carpetas personalizadas e mantelas actualizadas cos traballos desenvoltos. Utilizar outros dispositivos de almacenamento como a memoria USB o CD-ROM
4. Participar en chats seguindo normas básicas de funcionamento
5. Coñecer GOOGLE DRIVE como unha ferramenta para compartir información
6. Elaborar documentos, presentacións, debuxos e cuestionarios en GOOGLE DRIVE
7. Usar o CALENDARIO de GOOGLE valorando a necesidade de organizar os tempos
8. Usar GOOGLE MAPS para orientarse e buscar rutas valorando a utilizade desta ferramenta

9. Usar a cámara fotográfica. Descargar e almacenar fotografías nun ordenador.
10. Subir fotos a GOOGLE + e compartilas cos compañeiros/as
11. Facer presentación de imaxes de forma creativa
12. Usar programas online como: kizoa, preezi, glooster..
13. Usar a cámara de vídeo e elaborar pequenos montaxes desenvolvendo aspectos creativos en grupo.
14. Buscar información a través da web e contrastala valorando as fontes seguras e fiables.
15. Elaborar entradas nun BLOGUE EDUCATIVO entendendo as posibilidades desta ferramenta.
16. Coñecer e utilizar as posibilidades do ordenador e da rede para resolver tarefas da vida cotiá e desenvolver a súa capacidade creativa

As actividades que se realicen no aula TIC terán unha temática proposta polo claustro de mestres que favorecerá a motivación e a participación do alumnado. Esta temática (diferente cada ano) traballarase dende moitas liñas de actuación pedagóxicas pero serán a biblioteca e as Tics as principais fontes para buscar e analizar información sobre o tema. Así, as actividades realizadas no aula pretenden estar moi vinculadas co traballo da biblioteca sendo ambos recursos diferentes pero complementarios.

## NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Para un correcto funcionamento dos recursos informáticos dispomos dunhas normas de uso e mantemento. O cumprimento das normas tanto polo alumnado como polo grupo de mestres que utilizan o aula é un dos obxectivos principais a acadar.

NORMAS DE CONVIVENCIA

INVESTIGACIÓN AULA ABALAR



1. **COIDA O MATERIAL: Presta atención ao seu mantemento**

2. **ESCOITA: Para poder traballar é necesario saber que facer, escoita as  explicacións**



3. **FALA BAIXO: Para falar co teu compañeiro non é necesario berrar**

4. **RESPECTA: Trata aos demais como che gusta que te traten**

5. **VALORA TÓDALAS OPINIÓNS: A túa opinión non é mellor, so é diferente**

6. **CHEGA A ACORDOS: Escoita os pros e as contras e decide o mellor para o grupo**



7. **ESFÓRZATE: Os bos resultados son produto do esforzo e do interese**



8. **RECOLLE O MATERIAL E SAE DA AULA SEN CORRER: A aula non é un espazo para xogar**



Para favorecer a organización e desenvolver a responsabilidade do equipamento no alumnado,  numeramos os ordenadores da aula facendo un rexistro por clase e asociando un ordenador a cada alumno/a.

RESPONSABLES DOS ORDENADORES

Aula:

Curso:

| EQUIPO | ALUMNADO |
|---|---|
| **Equipo 1** | |
| **Equipo 2** | |
| **Equipo 3** | |
| **Equipo 4** | |
| **Equipo 5** | |
| **Equipo 6** | |
| **Equipo 7** | |
| **Equipo 8** | |
| **Equipo 9** | |
| **Equipo 10** | |
| **Equipo 11** | |
| **Equipo 12** | |
| **Equipo 13** | |
| **Equipo 14** | |
| **Equipo 15** | |
| **Equipo 16** | |

Follas de incidencias e actualización

As aulas dispoñen dunhas follas de incidencia para cubrir por calquera mestre e informar @ coordinador do problema que xurdiu.

INCIDENCIAS TECNOLÓXICAS

**DATA E LUGAR**

**MESTRE**

**DESCRICIÓN DA INCIDENCIA**

**SUXESTIÓNS**

FIRMA

## 6.- AS TICS NA REALIDADE EDUCATIVA

Horario de uso da aula TIC (Exemplo)

### HORARIO TIC 2016-2017

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00<br>09:50 | | | | | |
| 09:50<br>10:40 | | Infantil<br>3 anos | Infantil<br>5 anos | Infantil<br>4 anos | |
| 10:40<br>11:30 | | Infantil<br>3 anos | Infantil<br>5 anos | Infantil<br>4 anos | |
| R | E | C | R | E | O |
| 12:00<br>12:20 | | | | 1º | |
| 12:20<br>13:10 | | | | | |
| 13:10<br>14:00 | | | | 2º | |

A través deste plan intentamos fusionar o uso das TICs na biblioteca da escola. Temos en conta que a biblioteca contribúe e proporciona coñecementos e destrezas para á búsqueda, selección e tratamento da información, pero o que se busca é a comprensión da información, da súa estructura e a súa utilización tanto na producción oral como escrita. Temos como obxectivo a incorporación das tics nas iniciativas de animación á lectura e xestión.

AS TICs na COMUNIDADE EDUCATIVA

A nosa proposta de inclusión das Tics na educación é consciente da necesidade de abrir as portas a toda á comunidade educativa co obxecto de que participe neste cambio e incorpore na súa vida o uso destes recursos.

Para iso, é un compromiso do centro crear e difundir iniciativas no uso das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

Entendemos que non podemos crear hábitos de uso dos medios informáticos se non se ten dispoñibilidade por iso, o primeiro é dar cobertura a necesidade de

ter o alcance os medios informáticos precisos. Atendendo a esta necesidade, na biblioteca do centro, aberta todos os días lectivos a excepción dos martes de 16:00h ata 18:00, terá a disposición de calquera membro da comunidade educativa 3 ordenadores con conexión a rede.

Somos conscientes da responsabilidade de crear hábitos saudables no manexo dos ordenadores e no uso e tratamento da información. Con este obxecto, intentaremos por en marcha a través da AMPA, cursos de formación no ámbito TIC.

Ademais, ofrecemos as familias toda a nosa documentación dixital a través da páxina web do centro.

## 7.- COMPROMISOS DO CENTRO COAS TICS

Equipo Directivo:

- Realizar inversións para acercar as Novas Tecnoloxías á educación
- Dotar dos medios e recursos materiais necesarios para a aplicación do Plan en todos os niveis.
- Facilitar a formación do profesorado tanto no Centro como fóra del
- Promover a divulgación dos materiais e proxectos realizados polo profesorado
- Facilitar a alfabetización dixital das familias
- Difundir a comunidade educativa as actividades que realicen coas TICs

## 8.- AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROXECTO

**PERIODICIDADE das revisións e cuestionarios**

Avaliarase o desenvolvemento do mesmo atendendo a todo o profesorado do centro en dous momentos establecidos para a revisión: febreiro e xuño, mediante cuestionarios como o que a continuación se detalla e a súa posterior reflexión.

Entendemos que para que o proxecto teña un verdadeiro reflexo na educación, o alumnado debe ter a oportunidade para expresar a súa opinión e propoñer melloras no proxecto. A derradeira sesión de cada trimestre adicarase para que o alumnado de a coñecer a súa opinión e propoña suxestión e propostas de mellora.

**CUESTIONARIO PROFESORADO**

**Nome e grupo:________________________________**

**¿CÓMO MELLORARÍA O RENDIMIENTO DA AULA DE INFORMÁTICA?**

**¿CALES SON OS PRINCIPAIS PROBLEMAS QUE SE DEBEN RESOLVER?**

**¿QUÉ PAXINAS WEBS COÑECES E USARÍAS COS ALUMNOS/AS E GUSTARÍATE QUE SE INSTALARAN NOS ORDENADORES DA AULA DE INFORMÁTICA?**

# 27. Adenda do proxecto lingüístico (art. 14.4)

## ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Atendendo ao artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG de 25 de maio) elaboramos a addenda do proxecto lingüístico atendendo a dous dos seus apartados:

1. Aos resultados obtidos sobre lingua materna predominante entre o alumnado na educación infantil.

Atendendo aos resultados obtidos da enquisa enviada ás familias sobre cal era a lingua materna do neno ou nena, o resultado obtido foi: **maioritariamente o castelán**. Polo tanto, a lingua vehicular da aula de tres anos será o castelán pero fomentarase o galego en desigualdade de condicións para intentar que adquiran as competencias básicas en ambas as dúas linguas.

2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

As actividades propostas e desenvolvidas no curso pasado están recollidas polo miúdo na Memoria e no Proxecto de Fomento de Uso do Galego do curso 2017-18. Expoñemos aquí unha pequena relación das actividades máis destacables e que previsiblemente van ser repetidas neste curso.

**RESUMO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.**

1. Atendendo á contorna sociolingüística do centro:
   - ✓ Difusión de información sobre actividades culturais e deportivas no noso contorno.
   - ✓ Continuación e mantemento do blog de Nomalización e Dinamización do centro “A voz do Resío”.
   - ✓ Participación no Correlingua 2019.

2. Atendendo á situación do noso profesorado:
   - ✓ “A palabra do día”. Esta actividade consiste en poñer no encerado da sala de mestres unha palabra e a súa definición cada día. Este ano o tema anual está relacionado co eido das ciencias, chamándose “Experiencia a conciencia”.
   - ✓ Información aos mestres sobre os cursos de galego (EOI de Vigo), de portugués para galegos (Ciranda, Aporto, Cursos online: CIG, Falarmos Brasil,) xornadas de toponimia (IES Alvaro Cunqueiro), roteiros polo barrio (Concello de Vigo), etc.

3. Atendendo á situación do noso alumnado:
   - ✓ Desenvolvemento do proxecto anual: Ao longo do curso fóronse traballando de maneira coordinada diversas actividades, tanto desde a aula co titor, como desde a aula TIC, biblioteca, plástica e tamén desde o EDNL.
   - ✓ Alén das actividades relacionadas co proxecto anual, as actividades propostas polo EDNL para fomentar o uso do galego son as seguintes:
   - ✓ Actividade o “Anel do orgullo/prestixio”: Nas clases que os titores o demandaren, desenvolveuse esta actividade, que pretende fomentar o paso dos rapaces ao emprego da lingua galega.
   - ✓ Visitas dos autores ou ilustradores de libros lidos polo alumnado

- ✓ Saídas a actuacións teatrais e musicais en galego.
- ✓ Ampliación dos fondos en galego da biblioteca (libros, revistas, CD, DVD)
- ✓ Adquisición de libros en portugués para a nosa biblioteca.
- ✓ Elaboración do calendario escolar, as tarxetas de felicitación de Nadal, os adhesivos do día do libro e a guía turística, empregando nestas publicacións a lingua galega.
- ✓ Concursos de redacción, poesía, contos, banda deseñada, e de investigación organizados desde a biblioteca en coordinación coa aula TIC, Plástica e as titorías.
- ✓ Celebracións anuais:

**SAMAÍN:**

- ✓ Elaboración, de material informativo específico para os titores con actividades para o alumnado segundo a súa idade.
- ✓ Concurso de receitas e un concurso de adiviñas e "conxuros" desde a Biblioteca do centro.
- ✓ Ambientación do corredor de entrada na escola con motivos "terroríficos" durante a última semana do mes de novembro.

**MAGOSTO:**

- ✓ Obradoiros, en función dos ciclos e cursos do alumnado, nos que se traballaron os xogos tradicionais e a construción de xoguetes tradicionais.
- ✓ Xogos tradicionais como os peóns, as bólas, a corda e a billarda.
- ✓ Obradoiro de xoguetes como o fungagatos, bailaretes e buxainas.

**NADAL:**

- ✓ Celebración do festival de Nadal, con actuacións de todos os cursos.
- ✓ Concurso de debuxo de felicitacións de Nadal.
- ✓ Traballamos nesta época os cantares de Reis e a figura do Apalpador.

**O DÍA DA PAZ**

- ✓ Realización dun mural entre todos os cursos, relativo á pazs no x. Para elo, fixemos grupos de todas as idades que debían preparar unha pequeña parte do debuxo.
- ✓ A segunda actividade consistiu no lanzamento de globos que os alumnos reunidos no ximnasio ían golpeando para mantelos no airte mentres escoitabamos unha música relaxante. Tamén cantou todo o cole en conxunto a canción "Por que ti es o meu amigo" de Paco Nogueiras.

**ENTROIDO:**

- ✓ Recuperación de figuras esquecidas do Entroido vigués, como "O Merdeiro". Tivemos a visita da asociación "O Merdeiro" do Casco Vello, que nos falaron das orixes deste personaxe, mostrándonos tamén o siginificado da súa indumentaria e a da súa actitude.
- ✓ Na semana previa ao entroido, obedecemos as ordes do Meco "os mandadiños", que cada día nos deu instrucións sobre as indumentarias que debemos levar para o día seguinte.
- ✓ O venres 13 fixemos un pasarrúas polo noso barrio amosándolles aos veciños os nosos disfraces, que este ano dedicamos ás marabillas do mundo. Unha vez rematado, xulgamos ao Meco e rematamos cunha festa.

**DIA DO LIBRO:**

- ✓ Maratón de lectura, para a que empregaremos sobre todo libros que teñan relación co tema global do curso.
- ✓ Lectura de contos por parte dos nenos maiores aos máis pequenos.

**DIA DOS MAIOS e LETRAS GALEGAS:**

- ✓ Celebración conxunta de estas dúas festividades, contando coa colaboración de toda a comunidade escolar.
- ✓ Para traballar as Letras Galegas e o coñecemento do escritor homenaxeado, Ántón Fraguas , elaborarase unha gimkana na que os alumnos deberán ir completando probas e preguntas para poder facer uns crebacabezas xigantes relacionados co autor.

- ✓ Por outra banda, na mesma xornada, e para conmemorar a festividade dos Maios, os alumnos trouxeron materiais vexetais para decorar o maio e colgaren as grilandas de flores e ovos.. Como xa é tradición no noso centro, despois de pasear o Maio, os alumnos de 4º bailaron a danza das fitas mentres os de 5º e 6º tocaban a canción do maio e cada curso recitaba as súas coplas.

### 4. ATENDENDO Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- ✓ A lingua galega seguiu a ser a empregada nos aspectos visuais e documentais do centro, así como nas comunicacións internas e externas.

  * Seguimos agardando pola actuación do Concello de Vigo, para realizar a mudanza de nome do centro, pasando de ser " Virxe do Rocío" a "O Resío" como se decidiu en Claustro Extraordinario hai xa máis de 2 cursos.
- ✓ Teremos en conta as propostas de mellora incluídas na memoria do curso pasado, co obxecto de mellorar, substituír ou revisar as actividades propostas. Do mesmo xeito, as actividades propostas xa no PFUG estarán orientadas ao tema do Proxecto Anual do Centro: "Experiencia a Conciencia", no que se traballarán aspectos relacionados coas ciencias desde un punto de vista experimental: electricidade, magnetismo, experimentos coa auga, vinagre, fermentacións, etc...

## 28. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega.

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do CEIP Virxe do Rocío (Vigo), presenta no PFUG as actividades planificadas para o curso 2018/2019 en prol do fomento do uso da lingua galega no noso centro.

*Decreto 229/2011. Proposta da concreción anual do Plan Xeral de atención á Diversidade*

## 29.Proposta da concreción anual do Plan Xeral de atención á Diversidade

### *ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.*

### *III-A.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.*

A LOE ( Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación) introduce o concepto de ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO, e inclúe cinco grupos de alumnado que requiren este tipo de apoio:

- Necesidades Educativas Especiais (NEE).
- Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA).
- Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais (AACC).
- Alumnado de integración tardía non sistema educativo español.
- Condicións persoais ou de historia escolar.

A LOMCE introduce coma novidade ao mencionar de xeito concreto o Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade- TDAH (LOMCE, artigo 14) coma ANEAE.

- ✓ Coma <u>medida extraordinaria</u> de atención á diversidade, o ANEAE será atendido polo profesorado de Pedagoxía Terapéutica e pola profesora de

Audición e Linguaxe, contando co asesoramento da Orientadora, e en coordinación cos titores/as.

- ✓ Coma norma xeral para a atención á diversidade o procedemento para a atención a todo este alumnado partirá do profesorado titor ou dos pais do alumno/a , sen prexuicio das intervencións proactivas e de prevención que se realizarán dende o departamento de orientación. A solicitude de intervención será sempre o través de cubrir o protocolo creado a tal efecto, igualmente no caso de realizar a Avaliación psicopedagóxica. Tras a avaliación psicopedagóxico cumpre a realización do preceptivo Informe Psicopedagóxico, o cal quedará custodiado no departamento de orientación e terá caracter confidencial. O titor/a e as familias poderán consultalo alí.

**As NORMAS para a atención do ANEAE terán en conta o seguinte:**

- Atender á diversidade consiste en equilibrar as necesidades de cada alumno/a para acadar un desenvolvemento integral dentro das capacidades de cada individuo.
- Para o emprego de recursos EXTRAORDINARIOS, sexan estes as mestras de PT e/ou AL, periodizárase ao alumnado con diagnóstico de SERGAS que acredite esa necesidade de atención por parte destes profesionais do centro. Tamén o alumnado con ACS e todo aquel no que o Informe Psicopedagóxico indique a necesidade específica de apoio educativo.
- Sempre que sexa posible arbitrarase unha medida de atención dentro do grupo clase, no obstante aqueles casos que precisen unha atención individualizada atenderáselles na aula de PT, ou poderán recibir apoio tanto dentro da súa aula ou fóra segundo se estime oportuno.

- ✓ **Coma <u>Medida Ordinaria</u> de Atención á Diversidade establécense os Reforzos Educativos:**

- Dende o Departamento de Orientación coordínanse os Reforzos Educativos que se levan a cabo con aquel alumnado que necesita axuda nas áreas instrumentais.
- Son os titores ou outro profesorado con dispoñibilidade horaria quen realizará estes RE. Estes mestres estarán coordinados en todo momento co titor/a do alumnado obxecto de reforzo.

- Coma norma xeral este RE será dentro da aula ordinaria, salvo excepcións perfectamente xustificadas.
- Facilitaranse materiais e recursos ás titoras para atallar ou corrixir dificultades en casos particulares.
- A través das titorías recibiranse suxestións para a adquisición de material específico de apoio, e á súa vez, propoñerase ao profesorado a compra doutro material de interese que poidan ter nas aulas.

A coordinación coas familias realizarase de forma periódica para establecer pautas de traballo común.

A lo menos unha vez por trimestre realizarase un seguimento da evolución nos proceso de aprendizaxe do alumnado.

No caso de ser necesaria a elaboración dunha AC, esta será realizadas polo titor/a e os mestres das áreas ou materias e estarán coordinadas pola orientadora ( Orde do 6 de outubro de 1995 que regula las adaptacións do currículo).

A xefatura de estudos comunicarase periodicamente co titor/a e profesorado especialista para arbitrar as medidas precisas.

1. **ESTRATEXIAS DE INCLUSIÓN E DIVERSIDADE**

   - Asesoramento e colaboración co equipo directivo na actualización do Proxecto Educativo de Centro, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
   - Elaboración de Programas de prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.
   - Axustar as medidas de apoio educativo a cada alumna ou alumno.
   - Asesorar ao profesorado na elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de curso, medidas de reforzo educativo e nas ACs.
   - Informar e asesorar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. **ESTRATEXIAS NO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**
   - Dentro do Plan de Acción Titorial: asesoramento e colaboración á comunidade educativa.

- Colaboración cos equipos docentes na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- Colaboración co profesorado aportando pautas, elaborando programas, implementando dinámicas, ...

3. **ESTRATEXIAS PARA A CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES**
   - Deseño e posta en práctica programas destinados a favorecer a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, colaborando na elaboración do Plan de convivencia.
   - Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
   - Fomento da participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos.
   - Establecemento de canles de coordinación entre o profesorado de EI e EP, para facilitar a transición entre etapas educativas
   - Establecemento de canles de coordinación entre os orientadores/as de primaria e secundaria, para facilitar o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
4. **ESTRATEXIAS NO PLAN DE ORIENTACIÓN, PLAN ANUAL do DO E MEMORIA**
   - Mantemento do Plan de Orientación actualizado, concretando no Plan Anual (PAADO) as actuacións previstas para o curso.
   - Realización da Memoria anual en base ao desenvolvemento do Plan Anual, coas propostas de mellora que procedan para o vindeiro curso.
5. **ESTRATEXIAS NOS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE**
   - Colaboración nos diferentes procesos de avaliación do centro.

   - Asesoramento á comunidade educativa sobre os procesos de mellora e calidade do sistema educativo.
6. **DRDORIENTA**
   - Cumprimentación da información que se demanda, en forma e prazo.

**ORGANIZACIÓN do D.O. : Composición e Horarios**

Este centro conta cunha mestra especialista en Audición e Linguaxe compartida e unha mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica. Este curso e debido á incidencia de alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, mestres con dispoñibilidade horaria desenvolverán 4 horas de RE cada unha deles.
Susana (titora de 4º EP) apoia 4 horas a 1º EP e Ángel (titor de 3º EP) apoia 4 horas a 2º EP.
Aínda así estes reforzos resultan insuficientes para atender as necesidades que presenta o centro.
O profesorado de PT e AL elaborará un informe de cada alumno/a obxecto da súa atención.
Coa intención de optimizar os RE o profesorado cubrirá o protocolo pertinente.

- **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

  - ✓ Xefa do Departamento de Orientación: Mª Jesús Iglesias Bueno
  - ✓ Mestra especialista en PT: Mª Belén Rodríguez Álvarez
  - ✓ Mestra especialista en AL: Mª Merino Arévalo
  - ✓ Coordinadora Educación Infantil: Eva Mª Madarnás Rodríguez
  - ✓ Responsable de 1º Nivel de EP: Ana Rosa Pérez Comesaña
  - ✓ Responsable de 2º Nivel de EP: Mª Consuelo Pérez Comesaña
  - ✓ Responsable de 3º Nivel de EP: Ángel Gago Portela
  - ✓ Responsable de 4º Nivel de EP: Susana Martínez González
  - ✓ Responsable de 5º Nivel de EP: Begoña O. Fernández González
  - ✓ Responsable de 6ª Nivel de EP: Juan Luis Fernández Pérez

- **HORARIO DA XEFA DO DEPARTAMENTO.**

O horario elaborouse tendo en conta as seguintes prioridades:

- Coordinación coas titorías dos diferentes niveis educativos.
- Coordinación coa P.T. e A.L. do centro.
- Atención á orientación e atención de pais/nais.
- Traballo no D.O., concretizado en: elaboración de actas, informes e avaliacións psicopedagóxicas, elaboración e implementación de programas e atención e valoración do alumnado.
- A atención ao profesorado do centro desenvolverase dentro das horas de

libre disposición no centro e nos momentos de *orientación* da xefa do departamento.

- O horario quedaría como a continuación se presenta:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 09:00/09:50 | ATENCIÓN FAMILIAS | | ATENCIÓN FAMILIAS | | |
| 09:50/10:40 | D.O. | | D.O | | |
| 10:40/11:30 | D.O | | REUNIÓN D.O. | | |
| 11:00/12:00 | GARDA PATIO | | RECREO | | |
| 12:00/12:20 | HORA DE LER | | D.O. | | |
| 12:20/13:00 | D.O. | | D.O. | | |
| 13:10/14:00 | D.O. | | D.O. | | |

As coordinación coas mestras de P.T. e A.L. se realizarán martes alternos en horario de 17:00 a 18:00h.

- **AVALIACIÓN.**

No mes de xuño realizarase a avaliación deste plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

- **CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para o presente curso escolar 2.018/2.019 establecemos o seguinte Plan de Actuación seguindo o artigo 15º da Orde do 24 de xullo de 1998 e centrándonos nas accións prioritarias recollidas na circular nº 10 / 2010 e no Decreto 229/2011 polo que se regula a Atención á Diversidade.

OBXECTIVOS

| ***OBXECTIVOS*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | ***PROFESORADO IMPLICADO*** |
|---|---|---|
| Asesorar a toda a comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. | Todo o curso | Titores e D.O. |

| | | |
|---|---|---|
| Traballar os valores de inclusión, respecto pola diversidade e a diferencia. | Todo o curso | Titores e D.O. |
| Adecuar toda a documentación administrativa e pedagóxica á LOE/LOMCE, aos Decretos que regulan os Currículums de EI e EP en Galicia e ao Decreto de Atención á Diversidade, así como a todas as disposicións que os desenvolvan. | Todo o curso | Todo o profesorado e Equipo Directivo |
| Establecer e coordinar medidas de Reforzo Educativo e medidas de Apoio de P.T. e A.L. | Todo o curso | Titores, Profesorado de P.T. e A.L., Orientadora e Xefatura de Estudios |
| Elaborar e desenvolver Programas de Prevención e Detección de posibles déficits e dificultades de aprendizaxe, HHSS,… | Todo o curso | Orientadora |
| Recoller nas programacións de aula medidas de atención á diversidade para cada grupo clase, tendo en conta a situación individual do alumnado. | Inicio do curso | Todo o profesorado |
| Coordinar reunións dos titores co D.O. para optimizar as medidas de atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. | Todo o curso (semanal) | Todo o profesorado e D.O. |
| Fomentar a participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos, promovendo a corresponsabilidade das familias nas tarefas escolares e en xeral na aprendizaxe ofrecendo información, pautas claras e periódicas así como, nos casos de nenos con maiores dificultades. | Todo o curso | Titores e D.O. en coordinación coas familias. |
| Impulsar a participación do profesorado | Todo o curso | Profesorado, D.O. e |

| | | |
|---|---|---|
| en actividades de formación e innovación | | equipo directivo |

- **TEMPORALIZACION DAS ACTUACIÓNS**

| *ACTUACIÓNS* | | *RESPONSABLE/S* | *DESTINATARIOS/AS* | *TEMPORALIZACIÓN* |
|---|---|---|---|---|
| 01 | Constitución do DO para este curso | Orientadora | Membros do DO | Setembro |
| 02 | Asesoramento á Comunidade Educativa. | Orientadora. | Comunidade educativa. | Todo o curso. |
| 03 | Proposta de adquisición de material do D.O. | Orientadora. | Dirección. | Todo o curso. |
| 04 | Proposta de organización dos Plans de apoios do profesorado de AL e PT. | Orientadora e profesorado de AL e PT. | Alumnos/as NEAE. | Setembro. |
| 05 | Seguimento dos Plans de apoio | Titores e profesorado | Alumnos/as ANEAE | Mensual |
| 05 | Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio; Elaboración de horarios | Orientadora e profesorado de AL e PT. | Xefatura de estudios. | 2ª quincena de setembro. |
| 06 | Tramitación das becas para ANEAE | Orientadora | Familias alumnado con neae. | Setembro |
| 07 | Revisión do Plan de Orientación (POE), do plan de Acción Titorial (PAT), e do Plan de atención a diversidade (PAD) | Orientadora | Departamento de Orientación, Claustro de Profesores e Consello Escolar | Setembro/outubro |
| 08 | Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do D.O. | Orientadora. | Departamento de Orientación, Claustro de | Setembro/ Outubro. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | (PAADO) e elaboración da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade (PXADI). | | Profesores e Consello Escolar | |
| 09 | Reunións de coordinación cos profesores especialistas en P.T. e A.L. | Orientadora | Profesorado de PT e AL | Martes alternos de 17:00 -18:00 |
| 10 | Reunións de coordinación no IES Alexandre Bóveda | Orientador do IES | Orientadores/as dos CEIPs adscritos | Ao longo do curso. |
| 11 | Realización das avaliacións psicopedagóxicas demanda-das, e dos correspondentes informes psicopedagóxicos. | Orientadora. | Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias. | De outubro a maio. |
| 12 | Cumprimentación de Drdadi | Orientadora. | Servizos Centrais da CEOU | Outubro |
| 13 | Asesoramento na realización e seguimento das ACS | Orientadora. | Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos. | Todo o curso. |
| 14 | Valoración do novo alumnado e seguimento do alumnado doutros anos, toma de decisións | Departamento de Orientación. | Equipos docente , propio alumnado e familias | Outubro. |
| 15 | Aplicación dos Sociogramas | Orientadora | EP | Novembro |
| 16 | Corrección dos sociogramas e | Orientadora | EP | Novembro |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | elaboracion de informes do grupo clase | | | |
| 17 | Reunións do D.O. | Orientadora. | Membros do DO | Mércores de 10:40 a 11:30h |
| 18 | Talleres de estimulación da linguaxe oral (PELO) | Mestra A.L. | Alumnado de 5º EI e 6º EI | 1sesión semanal |
| 19 | Atención ás familias | Orientadora, P.T.e A.L. | Familias do alumnado | Todo o curso |
| 20 | Asistir ás sesións de avaliación. | Orientadora, P.T.e A.L. | Equipos docentes. | Decembro, marzo e xuño. |
| 21 | Elaboración Programas: intelixencia emocional, conduta,...e modificacións do PO | Departamento de Orientación | Claustro de profesores e Consello Escolar | Ao longo do curso |
| 22 | Deseño e posta en práctica do Programa de "Preparación para a ESO" | Orientador do IES e do centro. | Alumnado e familias de 6º | 3º trimestre |
| 23 | Deseño e posta en práctica do Programa "Xa son maior" (Paso a primaria) | Orientadora | Familias de 5 anos | 3º trimestre |
| 24 | Deseño e posta en práctica do Programa "Benvidos á escola" | Orientadora e equipo docente de infantil. | Familias do novo alumnado | 3º trimestre |
| 25 | Programa de prevención de dificultades de aprendizaxe": aplicación (PPDA): BADyG (6ºEI, 2º EP, 4ºEP, 6ºEP) | Orientadora | Alumnado implicado | Maio |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 26 | Informes das probas do BADyG | Orientadora | Profesorado e D.O. | Maio |
| 27 | PPDA: aplicación da Avaliación da Comprensión lectora (ACL) | Orientadora. | Alumnado de 1º EP A 6º EP | Maio |
| 28 | Corrección das probas de ACL e elaboración de informes grupo clase | Orientadora | Alumnado de 1º EP A 6º EP | Maio |
| 29 | Deseño do proceso a seguir para a elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio. | Departamento de Orientación. | Profesorado titor e profesorado de apoio. | Maio. |
| 30 | Elaboración e posta en práctica dos procedementos e instrumentos de avaliación dos programas do PO e do propio PO. | Orientadora | Membros do Departamento. | Maio |
| 31 | Realización da avaliación do desenvolmento PAADO | Departamento de orientación. | Membros do Departamento. | Maio-xuño |
| 32 | Realización da avaliación do PO: PXAD e PAT | Departamento de Orientación. | Membros do Departamento. | Maio-xuño. |
| 33 | Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | Orientadora. | Xefe de estudios Expediente persoal dos alumnos. Orientador do IES de Mos | Xuño. |
| 34 | Redacción da memoria do D.O. | Orientadora. | Departamento, Claustro de | Xuño. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Profesores e Consello Escolar. | |
| 35 | Cumprimentación do cues-tionario Drdorienta | Orientadora | Servizos Centrais da CEOU | Xuño |

***Resolución do 17 de xuño de 2015 (Plan Proxecta)***

## 30. Integración na PXA do proxecto coas actividades levadas a cabo dentro dos programas do plan.

Tódalas actividades levadas a cabo na escola, encóntranse en maior ou menor medida incluídas na programación xeral do centro. As actividades dos plans que imos a relatar a continuación, xa levamos varios anos desenvolvendoas polo que se se reitera a súa solicitude é polo positivo que son para o alumnado. O negativo, é que a Consellería obriga aos centros a facer os pagos por adiantado, o que leva a carencias noutros aspectos da escola. Solicitamos encarecidamente que a dotación económica para desenvolver calquera actividade sexa adiantada polo Organismo correspondiente. Non se pode tolerar que se faga todo grazas a boa vontade do profesorado. É incrible que a data de hoxe, o profesorado que desenvolveu os PROA aínda non cobrase, e os centros non poidan recuperar o invertido no desenvolvemento do programa.

## 31.PLANS PROXECTA.

## PROGRAMA ALIMENTATE BEN. DA HORTA Á BOCA.

Pretendemos dar continuidade ao proxecto iniciado vai catro cursos na escola e continuar a traballar a educación alimentaria saudable.

Dende a nosa escola sempre partimos da realidade social que nos toca vivir. Os obxectivos deste proxecto son moi sinxelos.

Pretendemos,

- Concienciar ao alumnado tome da necesidade de alimentarse ben, tal e como indica o título do programa. Durante toda a súa vida o noso
- corpo precisa enerxía que obtén dos alimentos que nos inxerimos. Estas necesidades cambian en función da nosa idade.
- Educar no gusto polos diferentes sabores.
- Coñecer a importancia do coidado da dieta diaria para evitar contraer enfermidades.
- Lograr unha alimentaciónsaludable e equilibrada a través do coñecemento da pirámide dos alimentos.

OBXECTIVOS

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
- Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración, tanto respecto á saúde como á educaciónnutricional dos seus fillos, así como na adquisición e desenvolvemento dos hábitos correctos.
- Identificar a orixe dos alimentos.
- Coñecer o recorrido que fan os allimentos antes de chegar as nosas casas.
- Descubrir cales son as tendas onde podemos adquirir os disntintos productos.
- Dar a coñecer o programa de Distribución de froita a toda a comunidade educativa.
- Actuar de xeito responsable na nosa contorna.
- Espertar a curiosidade no alumnado.
- A manipulación do diverso material, a acción en sí, maila organización das actividades dun xeito adecuado é o que constitue a principal fonte de aprendizaxe. Este traballo será reflexado nuns debuxos. Os obxectivos da horta cumplense sobradamente utilizando a observación a experimentación e a acción para espertar o interese do alumnado. A implicación do profesorado

favorece o correcto funcionamento e desenvolvemento do proxecto.

- Elaboraranse pequenos murais con lemas o que permitirá a expresión innata e o desenvolvemento da creatividade e a expresividade do alumnado, percibido a través de creacións artísitcas propias.
- A froita ofrecerase á totalidade do alumnado, agás que por motivos de saúde non sexa recomendable. A intención é que os nenos coman a froita, peixe e lácteos en lugar da bollería industrial que habitualmente traen da súa casa. Por este motivo pregaremos que as familias adecuen as merendas nas semanas nas que se leve a cabo o programa.
- O éxito do plan dependerá moito da colaboración das familias. Os mestres traballamos aspectos da alimentación, animamos aos nososalumn@s, organizamos actividades de ambientación e traballo en equipo,...

ORGANIZACIÓN.

A Dirección do centro educativo fará unha valoración da actividade igual que nos cursos anteriores, querendo coñecer a opinión de tódolos sectores implicados no proxecto. En primeiro lugar os nenos e nenas, os mestres e as familias para o que se elabora unha enquisa valorativa.
O obxectivo é que todos dean a súa opinión constructiva para a mellora do proxecto..

- ✓ Avaliaráse a participación do alumnado e do profesorado.
- ✓ Avaliaráse a capacidade de colaboración e o resultado final do traballo realizado en equipo.
- ✓ Valoraráse a colaboración das familias.
- ✓ Valoraráse a participación e o resultado final dos traballos e tarefas realizadas para este proxecto: recolla de información a través de enquisas, elaboración de carteis e valoración da mesma por mestres,, alumnnos e familias.
- ✓ Valorarase o recoñecemento do traballo colaborativo, o respecto cara os demais e a avaliación coa intención de facer propostas de mellora.

## Proxecto XOGADE

### ESCOLA BALONMÁN O RESÍO.

Por cuarto ano consecutivo, desenvolvemos a actividade extraescolar de Balonmán, a través dos programas "Xogade" da Xunta de Galicia e "Escolas Deportivas" da Deputación.

Os principais obxectivos son os que seguen:

- Desenvolver unha actividade extraescolar deportiva.
- Ofertar actividades para ocupar o tempo de lecer.
- Desenvolver capacidades e habilidades motrices básicas.
- Asumir valores: respecto, esforzo, etc.

Ademáis somos un centro:

-Plambe.

-Abalar.

## PROA

Este é un programa no que se acadan grandes obxectivos no alumnado. A mágoa, que comece no mes de febreiro. Se comezase en outubro, todo mais tardar a principios de novembro, unha alta porcentaxe de alumnado no caería no fracaso escolar. Sería conveniente que as persoas que levan este proxecto dende a Consellería, fixese que o programa se desenvolvera dende o comezo do curso escolar aínda que so chegase á metade do alumnado.

Pola nosa experiencia no desenvolvemento do mesmo, pediremos a participación nel, no intre no que a aplicación estea dispoñible, pero solicitamos encarecidamente, que se contrate a persoal externo á escola para non sobrecargar máis a actividade lectiva do profesorado.

## Outros aspectos de interese

## 32. Solicitude dos días non lectivos.

Este ano proponse como día non lectivo na nosa escola o 2 de santos.

## 33.Aprobación da presente PXA

DILIXENCIA:

Para facer constar que esta Programación Xeral Anual do Curso 2018/2019 do CEIP "VIRXE DO ROCÍO" de Vigo foi aprobada por unanimidade, segundo consta na Acta, en sesión ordinaria do Claustro escolar o día 9 de outubro e no Consello Escolar o día 10 de outubro de 2018.

A DIRECTORA

Fdo.: ANGELA NOVOA BLANCO.